

ACTA**PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 5/2021****SESIÓN ORDINARIA DO 23 DE FEBREIRO DE 2022****ORDE DO DÍA****PARTE RESOLUTIVA**

1. **Actas anteriores:** Ordinaria do 26.01, extraordinaria do 1.02 e extraordinaria do 8.02.2022.
2. Toma de razón do escrito do concelleiro, D. Jesus González Castillo, adscrito ao grupo político municipal do Partido Popular, comunicando renuncia a súa acta de concelleiro. Expte Pleno 3295/1101.
3. **Declaracións institucionais.** Declaración Institucional presentada pola Federación Galega de enfermidades raras e crónicas (FEGEREC) polo Día Mundial das enfermidades raras 2022. Expte. Pleno 3304/1101.

Ditames das comisións informativas:**ORZAMENTOS E FACENDA**

4. Aprobación inicial da Modificación Orzamentaria nº 12/2022, de Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito con remanente líquido de Tesourería. Expte. 74/142 (Expte. Pleno 3302/1101).
5. Dar conta da Resolución da Alcaldía polo que se aproba a Liquidación do Orzamento deste Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2021. Expte. 210/143 (Expte. Pleno 3287/1101).

URBANISMO

6. Aprobación definitiva do Estudo de detalle da UA Hernan Cortes . Expte. 5264/401.(Expte. Pleno 3309/1101).

Mocións:

7. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a incrementar os orzamentos autonómicos para as infraestruturas e os axentes culturais da cidade de Vigo. Expte. Pleno 3315/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 1 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

8. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a retirar a proposta de convenio co IFEVI, para destinar dous pavillóns ao uso de práctica deportiva, e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 3316/1101.
9. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a implantar de forma inmediata nos xulgados de instrución de Vigo as gardas de 24 horas. Expte. Pleno 3317/1101.
10. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a situar unha residencia de maiores na zona de Teis que sinale o Concello, que ofrece o chan, e outros acordos complementarios. Expte. 3318/1101.
11. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a promover novos ámbitos de vivenda en Vigo, para dar resposta a demanda de vivenda protexida na cidade. Expte. Pleno 3319/1101

PARTE DE CONTROL

12. Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 20.01 ao 14.02.2022. Expte. 1155/1102 (Expte. Pleno 3305/1101).
13. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, dende o 20.01 ao 14.02.2022. Expte. 1156/1102 (Expte. Pleno 3306/1101).

Mocións.

14. Moción do grupo municipal Mixto, instando ao goberno municipal ao desenvolvemento dun plan municipal de saúde mental e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 3308/1101.
15. Moción do concelleiro membro non adscrito sobre o día de Rosalía de Castro. Expte. Pleno 3313/1101.
16. Moción do grupo municipal do Partido Popular en relación coa Sentenza do Tribunal Supremo nº 98/2021. Expte. 3314/1101.
17. **Formulación de rogos.**
18. **Formulación de preguntas.**

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 2 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Caballero Álvarez Abél Ramón
 Aguiar Castro Yolanda
 Aneiros Pereira Jaime
 Blanco Iglesias Eugenia Dolores
 Caride Estévez María José
 Espinosa Mangana Elena
 Estévez Rodríguez Pablo Luis (T)
 Fernández Pérez José Manuel (T)
 Gómez Díaz Gorka (T)
 Iglesias González Ana Laura (T)
 Lago Barreiro María del Carmen (T)
 López Font Carlos
 Losada Alvarez Abel Fermín
 Mejías Sacaluga Ana Maria (T)
 Pardo Espiñeira Francisco Javier
 Rivas González Ángel (T)
 Rodríguez Calviño Patricia (T)
 Rodríguez Díaz Santos Héctor (T)
 Rodríguez Rodríguez Nuria (T)
 Silva Rego M^a Carmen (T)

Egerique Mosquera Teresa (*incorpórase no punto 4^o*)
 González Castillo Jesús Marco (*retírouse despois do 2^o punto*)
 López Román Patricia
 Marnotes González José Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Méndez Fuentes Oriana
 Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e tres de febreiro do ano dous mil vinte e dous, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros (11 con asistencia telemática T) Sres. e Sras. Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Días Gorka, Gonzalez Castillo, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, López Roman, Losada Alvarez, Marnotes González, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rivas González, Rodíguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1.(23). ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 26.01, EXTRAORDINARIA DO 1.02 E EXTRAORDINARIA DO 8.02.2022.

Incidencia. No momento da votación atópase ausente a Sra. Egerique Mosquera.

VOTACIÓN E ACORDO.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 3 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Por unanimidade dos vinte e seis membros da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións: ordinaria do 26 de xaneiro, extraordinaria do 1 de febreiro e extraordinaria do 8 de febreiro de 2022.

2.(24). TOMA DE RAZÓN DO ESCRITO DO CONCELEIRO, D. JESUS GONZÁLEZ CASTILLO, ADSCRITO AO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, COMUNICANDO RENUNCIA A SÚA ACTA DE CONCELEIRO. EXPTE PLENO 3295/1101.

ANTECEDENTES: Con data 9 de febreiro de 2022, o concelleiro Jesus Marco González Castillo, concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, presenta no Rexistro electrónico do Concello (W655690-6039) escrito comunicando a súa renuncia a acta de concelleiro

ACORDO:

O Pleno queda enterado do escrito de renuncia de D. Jesus Marco González Castillo a súa condición de concelleiro

DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

3.(25). DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PRESENTADA POLA FEDERACIÓN GALEGA DE ENFERMEDADES RARAS E CRÓNICAS (FEGEREC) POLO DÍA MUNDIAL DAS ENFERMEDADES RARAS 2022. EXPTE. PLENO 3304/1101.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de febreiro, número 3304/1101, escrito da FEDER, Federación española de enfermedades raras, que di o que segue:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE LA FEDERACIÓN ESPAÑOLA Y LA FEDERACIÓN GALLEGA DE ENFERMEDADES RARAS POR EL DÍA MUNDIAL DE LAS ENFERMEDADES RARAS 2022

“En la UE, las enfermedades raras (ER) son aquellas con una prevalencia de menos de 5 personas por cada 10.000 habitantes. La mitad de las familias esperan más de 4 años para logra un diagnóstico y un 20 % más de una década. Además, sólo el 5 % de las más de 6.000 enfermedades raras tienen tratamiento.

Más de 300 millones de personas en el mundo, 3 millones en España y 200 mil en Galicia conviven con estas enfermedades. El 28 de febrero se celebra el Día Mundial de las ER para visibilizar las dificultades de acceso en equidad a su diagnóstico y tratamiento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 4 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

La Federación Española y la Federación Gallega de Enfermedades Raras alinean sus desafíos con las alianzas europea, iberoamericana e internacional. Este año el lema de la Federación Española, ¿Cómo te ves en 2030? busca reflexionar para afrontar, entre otros, los siguientes retos, poniendo de relieve la importancia de la EQUIDAD:

1. Impulsar e implantar el desarrollo de la estrategia de enfermedades raras del Sistema Nacional de Salud, actualizándola, dotándola de los recursos necesarios y garantizando la coordinación en todo el territorio nacional. En esta línea Fegerec reconoce el paso que supone la puesta en marcha en Galicia de la Estrategia Gallega de Enfermedades Raras puesta en marcha en Galicia.
2. Impulsar el funcionamiento de los registros de enfermedades raras en todas las Comunidades. Galicia cuenta desde el 2019 con el RERGA (Registro de ER de Galicia)
3. Favorecer la investigación y su sostenibilidad a través de un aumento en la inversión del PIB que en España es un 1,25 %, en línea con países como Alemania que destina el 3%.
4. Garantizar el acceso a pruebas genéticas y técnicas de cribado neonatal en todo el territorio, ya que en muchas ocasiones son esenciales para el diagnóstico. El Programa de Cribado Neonatal en las distintas regiones varía, desde el mínimo de 10 enfermedades establecido por el Ministerio hasta 40 en alguna comunidad.
5. Reconocimiento de la especialidad de genética clínica en España, que es el único país europeo que carece de ella, habiendo un 70 % de enfermedades raras cuyo origen es genético.
6. Equidad en el acceso al tratamiento, independientemente de la comunidad de residencia.
7. Favorecer la coordinación entre los centros de referencia y otros centros sanitarios para reducir el desplazamiento de las familias a dónde se concentre la experiencia.
8. Garantizar la equidad en el acceso a los servicios asistenciales recogidos en la Cartera de Servicios del Sistema Nacional de Salud y en las diferentes carteras autonómicas: atención temprana, rehabilitación funcional y atención psicológica.
9. Fortalecimiento de los servicios sociales, y construir el ansiado espacio sociosanitario.
10. Equidad en la inclusión social según las necesidades específicas tanto en el ámbito educativo como en el laboral, favoreciendo la conciliación laboral y familiar de nuestro colectivo. El número de pacientes con ER en cada territorio no favorece un conocimiento suficiente para el entendimiento y abordaje de estas enfermedades, por lo que en 2021 la Resolución de la ONU sobre ER alude a la "importancia fundamental de la equidad". La acción de cada territorio es fundamental para lograr estos retos específicos y los objetivos globales.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 5 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Feder y Fegerec instan a las Instituciones competentes gallegas y estatales a desarrollar acciones estratégicas que garanticen el acceso en equidad al diagnóstico, tratamiento y atención sociosanitaria favoreciendo que:

- España asegure que las medidas de la Resolución de la ONU se elevan a la Asamblea de la Organización Mundial de la Salud.
- La presidencia de España en el Consejo de la UE se comprometa a impulsar un Plan de Acción Europeo durante su presidencia en 2023.
- Nuestro país haga efectiva la evaluación y actualización de la Estrategia de ER en el Sistema Nacional de Salud.
- Las Comunidades Autónomas desarrollen planes integrales y políticas en ER encaminadas a garantizar la equidad en el acceso a los recursos.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.

A anterior Declaración Institucional enténdese aprobada por asentimento dos membros presentes da Corporación.

Incidencia.- Incorpórase a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Egerique Mosquera.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

4.(26). APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 12/2022, DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA. EXPTE. 74/142 (EXPTE. PLENO 3302/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 17 de febreiro de 2022, a Dirección Superior Contable e Orzamentaria e o concelleiro de Orzamentos e Facenda emiten a seguinte proposta,

“Servizo xestor do expediente: FOMENTO.

Empregos:

- a) Área de Fomento,
- b) Eficiencia enerxética,
- c) Xardíns,
- d) Festas,
- e) Educación,
- f) Deportes
- g) Patrimonio



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 6 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Modificación de crédito: Modalidade: Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito

Importe: 45.811.576,19 euros. C. Extra.: 30.701.576,19 euros, S. Créditos, 15.110.000,00 euros.

Órgano competente: Pleno da Corporación, previo acordo Xunta Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda.

Antecedentes

Resolución da Alcaldía de incoación do expediente coa memoria incluída.

Xustificación da modificación, polos responsables dos servizos.

Relación de empregos que xustifican a tramitación do expediente e a contía da modificación.

Xustificación

O principio de anualidade orzamentaria, e especialmente dalgún dos recursos que financian o gasto, e as distintas fases temporais polas que teñen que pasar os contratos públicos de determinada contía, fai que se teñan que adoptar medidas para paliar unha posible insuficiencia de crédito para rematar con éxito proxectos en marcha. Por iso, é preciso axustar os créditos asignados a determinados proxectos para conseguir a execución total dos mesmos.

A súa vez, tamén se fai a aplicación real dá oportunidade de utilizar o remanente de tesourería na prórroga que, para 2022, se fixo da suspensión das regras fiscais, tanto na regra de gasto, como na de estabilidade orzamentaria.

Xustificación da insuficiencia de recursos para o remate dos proxectos.

O Pleno do Concello de Vigo en sesión de data 16/12/2020, aprobou con carácter definitivo a modificación de crédito número 63/2020 para facer fronte a proxectos de investimentos en humanizacións, accesibilidade, actuacións de eficiencia enerxética, mellora en determinados bens que conforman o Patrimonio, sendas verdes, paseos, etc, sendo o obxectivo destes investimentos un incremento da capacidade, de rendemento e eficiencia inherente ás prestacións dos servizos públicos básicos que presta o Concello de Vigo, quedando xustificadas no expediente de aprobación da modificación de créditos, (Expediente 680/441). A devandita modificación orzamentaria foi financiada co recurso que conformaba o RLTXG correspondente á Liquidación do ano 2019.

Os devanditos créditos foron incorporados como remanentes de crédito ao Orzamento do ano 2021 unha vez aprobada a Liquidación do Orzamento do ano 2020, Modificación orzamentaria nº: 11/2021, Expediente: 177/143, como remanentes de crédito dispoñibles asociados aos proxectos que conformaron o crédito extraordinario, financiados co Remanente Líquido de Tesourería da Liquidación do Orzamento do ano 2020 .

A tramitación administrativa das diferentes actuacións asociadas ao expediente 680/441 (redacción e aprobación dos proxectos, informes sectoriais de outras administracións, convenios de cesión de terreos, etc), así como os propios prazos legais de tramitación dos expedientes de contratación, supuxo que ao



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 7 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

peche do Orzamento do ano 2021, os proxectos non estean rematados na súa totalidade.

Algúns dos proxectos concluíron no ano 2021, outros están adxudicados con distintos niveis de execución, por último, debido a que varias licitacións quedaron desertas e outras por atrasos nos informes sectoriais, estaban en proceso de licitación a finais do ano 2021, ao remate do ano 2021, os devanditos proxectos quedaron sin financiamento.

O Artigo 182 Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece determinadas limitacións á incorporación de remanentes.

No seu apartado a), permite a incorporación de determinados remanentes de crédito ao exercicio seguinte, entre os que se atopan os créditos extraordinarios e os suplementos de créditos, así como as transferencias de crédito, que fosen concedidos ou autorizados, respectivamente, no último trimestre do exercicio. Este e o suposto do expediente 680/441, aprobado o 16/12/2020 polo Pleno da Corporación.

Coa finalidade de financiar os proxectos que se relacionan, resulta necesario dotar as aplicacións correspondentes pola contía que están pendentes de execución a 31/12/2021, ou se fose o caso, axustar a dotación ás necesidades que requiran os proxectos.

O financiamento volve a ser co RLTXG dispoñible, quedando xustificado por manter a coherencia do recurso financeiro, polo que, dotaranse as devanditas aplicacións nas contías que figura na relación que conforma a memoria e a Resolución da Alcaldía-Presidencia.

Os contratos que están debidamente formalizados, están en execución, xerando obrigas que non teñen cobertura orzamentaria ou esta é insuficiente, polo que, a tramitación da modificación de crédito resulta necesaria para facer fronte aos pagos das obrigas xeradas.

Esta parte da modificación non supón un aumento de gasto, se substitúe o recurso financeiro, pasan de estar financiados co RLTXG da Liquidación do ano 2020, ao RLTXG da Liquidación do ano 2021, é por tanto, unha modificación orzamentaria para axustar o financiamento aos requirimentos e limitacións que establece o artigo 182 do TRLRFL.

Tamén supón axustar a anualidade de financiamento coa de execución, liberando o RLTXG que estaba asociado a estes proxectos, que volveu a formar parte do RLTXG da Liquidación do ano 2021.

Ademais desta necesidade, resulta necesario avanzar na tramitación dos expedientes que forman parte do Proxecto de solicitude 2 correspondente aos fondos NextGenerationEU do MITMA, que non teñen dotación orzamentaria e que se relacionan na Disposición Final das Bases de Execución do Orzamento, sendo o obxectivo iniciar o procedemento de licitación, e unha vez que se concedan as axudas, modificar o tipo de financiamento asociado.

En canto a necesidades sobrevidas faise necesario modificar algún contrato, tal é o caso do de desinfección por COVID 19 dos centros educativos, novo contrato de dúas EIM, modificación dos contratos do programa educativo aulas internacionais, o programa de festas de verán e o patrocinio do Padel Tour.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 8 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Aos efectos de buscar a máxima eficiencia na prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros, cuxo contrato remata en xuño de 2025, faise necesario facer un estudo de medios, usos, liñas, frecuencias, modelo de prestación, que permita tramitar o procedemento de contratación coa expectativa da maior eficiencia.

En canto as novas necesidades de investimentos, están as obras de implantación dunha nova EIM, o modificado dos proxectos do soterramento do trafego na Porta do Sol e o da grada de Marcador do Estadio de Balaidos.

Outros investimentos inaprazables son os que hai que executar no complexo Deportivo das Travesas por requirimento da Consellería de Sanidade, relativo a determinada tipo de maquinaria. Tamén no servizo de instalación deportivas, está a substitución da cuberta da grada do campo de fútbol de Bouzas e a Liquidacións das obras no campo de fútbol do Coruxo.

No expediente deixase constancia da concorrencia dos requirimentos previstos no artigo 177.1 do texto refundido de la Lei Reguladora das Facendas Locais, polo que é necesario tramitar a modificación orzamentaria nº 12/2022 (Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito), por unha contía de 45.811.576,19 euros, para facer fronte ao financiamento dos empregos que se relacionan e que non poden demorar a súa tramitación, xa que suporía, na maioría dos mesmos, a execución dos proxectos sen cobertura orzamentaria, cuxos contratos foron debidamente formalizados, co prexuízo para os contratistas adxudicadores dos mesmos que verían atrasados os procedementos de cobro, así como a imposibilidade de afrontar os modificados de contratos que se relacionan.

Queda pois, legal e tecnicamente xustificada a tramitación deste expediente, tanto no apartado técnico en canto a inaprazabilidade, como no ámbito legal, que abarca o tipo do recurso financeiro utilizado e a non posibilidade de incorporar o remanente de crédito da modificación 63/2020 ao ano 2022, así como as necesidades novas que xurdiron.

Outros proxectos como é o do Acceso peonil S. Avendaño V. Norte (HALO), dótese o crédito necesario para que xuntamente co remanente incorporado máis a contía prevista de financiamento do MITMA, resulte suficiente para a tramitación da licitación do expediente.

En relación co suplemento dos créditos dos proxectos de soterramento do trafego da Porta do Sol e da grada de marcador de Balaidos, a xustificación técnica que figura na memoria, abarca o modificado do proxecto e a previsión de liquidación da obra.

En canto aos proxectos que forman parte da solicitude 2 do MITMA en relación cos FRTR, dótanse na súa totalidade, de resultar concedida as axudas a estes proxectos, procederíase ao cambio de financiamento, pasando de ser financiados con recursos propios a un cofinanciamento.

A xustificación dos investimentos no complexo das Travesas, afectan fundamentalmente a maquinaria, deshumectadores, equipos de produción de E. térmica, bomba calor, condutos de aire e outros, mentres que o correspondente ao pavillón debaixo da grada de Río, ten por finalidade a instalación de sistemas de control de humidade e renovación de aire. Neste mesmo servizo, segundo se fai constar, a substitución da cuberta da grada do campo de fútbol de Bouzas, e unha necesidade inaprazable polo risco que pode supor o seu levantamento fortuíto.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 9 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O investimento na Escola Infantil no antigo edificio do Instituto Municipal de Educación, é un proxecto en licitación, que estaba previsto o seu financiamento en dúas anualidades e que tecnicamente debe de estar rematado neste ano polas necesidades de uso que se está a requirir.

A suplementación de determinados empregos correntes relacionadas cos contratos de inmersión lingüística, desinfección de instalacións en colexios e EIM, novos contratos de escolas infantís e outros. A fundamentación de modificación destes contratos achégase no expediente.

Nos contratos de inmersión lingüística, trátase de recuperar no ano 2022, as solicitudes que non puideron ser satisfeitas polos efectos e limitacións de mobilidade da pandemia nos anos 2020 e 2021.

Resulta igualmente inaprazable a contratación do estudio do sistema do Transporte Colectivo Urbano de viaxeiros, cara a iniciar o expediente de contratación no ano 2023, así como a celebración do Padel tour polo seu impacto económico que ten na cidade e vontade de manter este evento.

Reflictese igualmente dotación para afrontar a certificación liquidación de determinados contratos como son o da Ronda de D. Bosco, Serafín Avendaño e Obras nas dependencias municipais da zona de Administración de Tributos.

Os demais empregos correspóndense co remate de proxectos da modificación orzamentaria 63/2020, e algún caso, para iniciar de novo o procedemento licitatorio por ter quedado deserto.

En resumo, queda acreditado que as necesidades que reflicte o expediente 74/142, son inaprazables e non teñen dotación orzamentaria ou esta é insuficiente para facer fronte as mesmas.

Normativa de aplicación

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, (TRLRFL).

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, (LOEOSF).

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC 2010).

Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, (LRBRL), coa modificación incorporada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, LRSAL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o título sexto da LRFL, (RP).

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais coa modificación operada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 10 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Resolucións do Sr. Alcalde Presidente de 18 e 26 de xuño de 2019 sobre delegación de competencias (texto refundido do 04/09/2020).

Bases de Execución do Orzamento.

A suspensión do Pacto de Estabilidade e Crecemento.

Acordos adoptados sobre a suspensión dos obxectivos das regras fiscais de Estabilidade Orzamentaria, Regra de Gasto e Endebemento para o período 2020-2022 e se autoriza ás Entidades Locais aos empregos do Remanente Líquido de Tesourería de forma non finalista.

Expediente que se tramita

En execución do Decreto do Sr. Alcalde-Presidente da data que se reflicte na sinatura electrónica, instrumentouse o expediente de modificación orzamentaria nº (12/2022), que está conformado da seguinte documentación:

Informe xustificativo dá Área de Fomento en relación cos proxectos que se relacionan e a necesidade técnica e económica de dotar de financiamento aos contratos, reflectindo nunha sola memoria o contido das necesidades de distintos servizos cuxa xustificación en cada caso figura no expediente, tendo dispoñibilidade de recursos financeiros para a mesma conformado polo RLTX da Liquidación do ano 2021. Memoria dos servizos de Deportes, Educación e Festas, xustificando as necesidades a afrontar e a insuficiencia de crédito no Orzamento do ano 2022.

A utilización deste recurso non é contraria ao cumprimento dos obxectivos que conforman as regras fiscais, estando suspendidas no marco temporal 2020-2022, o resultado da Liquidación do Orzamento do ano 2022, non requirirá, calquera que sexa a contía do superávit/déficit e da evolución do gasto non financeiro, a tramitación e aprobación dun Plan Económico Financeiro. Non obstante, é un obxectivo manterse dentro das taxas de referencia aprobadas polo Goberno da Nación, no que se fixa para as Entidades Locais un obxectivo de equilibrio, que non é vinculante. En relación co anterior, achégase un proxecto de Liquidación do ano 2022.

En relación co endebedamento e sostibilidade financeira, non está previsto ao peche do ano 2022 a concertación de operacións de crédito, polo que, non hai endebedamento financeiro, sendo o coeficiente de endebedamento calculado nos termos previstos no TRLRFL do 0%.

Achégase ao expediente estudo da proxección dos gastos e ingresos ao peche do ano 2022, que permite a avaliación da estabilidade para o devandito período sempre tendo en conta as hipóteses nas que se proxecta a execución.

En canto á Regra de Gasto, tamén está en suspenso o obxectivo fiscal, polo que non procede facer a análise de peche, descoñecéndose como se vai a fixar a base para a liquidación do orzamento do ano 2022 ou se se mantén activada a cláusula xeral de escape para ese ano, como se calcula a variable para o ano 2023.

Faise constar, que en relación co endebedamento e sostibilidade financeira, a esta data, non está previsto ao peche do ano 2021 ni no marco orzamentario de medio prazo, a concertación de operacións de crédito, polo que, non hai endebedamento financeiro, sendo o coeficiente de endebedamento calculado nos termos previstos no TRLRFL do 0%.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 11 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Incorpórase ao expediente a dispoñibilidade do recurso financeiro que conforma o Remanente Líquido de Tesourería.

Tramitación e aprobación do expediente

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria-urxente celebrada o día 8 de febreiro de 2022, aprobou a Modificación Orzamentaria, Crédito Extraordinario-Suplemento de Crédito nº 12/2022, correspondente ao expediente 74/142.

En aplicación do previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, o 8 de febreiro de 2022 fixouse o calendario para que os grupos políticos municipais poidan presentar emendas á Modificación orzamentaria nº 12/2022, expediente 74/142. O prazo fixado comezou o día 09/02/2022 e rematou ás 13,00 horas do día 17/02/2022.

De acordo ao previsto no artigo 82 do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP), o expediente electrónico foi enviado á Secretaría do Pleno con data 08/02/2022, así mesmo, coa mesma data, liña 92 do expediente, pola Secretaría do Pleno, autorízase a todos os Concelleiros que conforman o Pleno, o acceso ao expediente coa finalidade de que poidan consultar e imprimir todos os documentos que consideren necesario para o estudo, emenda e formación da vontade sobre o pronunciamento que adopten no expediente, quedando así garantida a posta a disposición dos Grupos Políticos Municipais e Membros non adscritos da documentación que conforma o expediente 74/142.

Segundo o procedemento legalmente establecido, os Grupos Políticos Municipais e Membros non adscritos, ao amparo do previsto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP), fixeron uso desta prerrogativa e presentaron emendas á modificación orzamentaria no prazo previsto pola Comisión Informativa do que queda constancia no expediente coa data 17/02/2022, rexistradas na data e co número que figura nos documentos que se incorporan ao expediente electrónico.

Emendas presentadas

O informe que se achega ao expediente sobre a avaliación das emendas, enumera determinados incumprimentos ou desborde en relación coas limitacións que fixa o artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno ou incumprimentos propios do TRLRFL:

a) A emenda propón facer empregos en competencias non propias das EE.LL.

b) A emenda propón empregos por unha contía superior á modificación aprobada pola Xunta de Goberno na sesión do 08/02/2022. Neste caso, a emenda está a incrementar a contía do gasto proposto, en consecuencia, sen amparo no Regulamento Orgánico do Pleno e superando a contía do informado e do aprobado

c) A emenda propón empregos que non queda acreditado o cumprimento do previsto no artigo 177 do TRLRFL, empregos que non se poidan demorar até o exercicio seguinte.

d) A emenda propón unha aplicación alternativa dos recursos, de tal xeito que deba ser considerada de oportunidade política.

e) A emenda propón diminución ou anulación de empregos que están condicionados pola existencia de contratos en vigor



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 12 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A tres emendas conteñen algún dos supostos relacionados, que se detallan no informe técnico.

EMENDA PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.

No prazo fixado pola Comisión informativa de Orzamentos e Facenda, con data 17/02/2022, rexistrada na mesma data, o Sr. Concelleiro, D. José Alfonso Marnotes González, voceiro do Grupo Municipal Populares de Vigo, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 3.307/1101, presentou emenda a totalidade.

A emenda ten por obxectivo aplicar os recursos aos fins que o voceiro considera máis rendibles para súa formación, mentres que a proposta contida no expediente 74/142, está a ter en conta as necesidades da cidade e, sobre todo, os principios recollidos nos empregos dos fondos para a recuperación e resiliencia, programa Next Generation EU, cuxo obxectivo e o impulso para o crecemento económico.

A emenda, que non ten una cuantificación precisa dos recursos financeiros a utilizar, solicita máis fondos para abordar máis peonalizacións, 10 millóns adicionais para política social, así como outros 10 millóns para rescate do pequeno comercio e hostalería.

Propón, en definitiva, a devolución do expediente para que se planifique a totalidade da aplicación do Remanente de Tesourería dispoñible, o cal, de ser así, deixaría ao Concello sen recursos para afrontar situacións de excepcionalidade que rematan con pasivos contingentes que hai que facerlle fronte cando se producen, así como as necesidades orzamentarias que poidan xurdir na execución dun plan de investimentos tan importante en marcha, non contemplando a mesma, tampouco unha garantía de liquidez que permita manter o período medio de pago a provedores.

A emenda, fai unha proposta alternativa dos recursos, que segundo o informe que se achega, nin da cumprimento ao previsto no artigo 83.2 do ROP, nin os empregos están no ámbito das competencias locais nin nas delegadas, polo cal, legalmente non se podería artellar esta modificación orzamentaria, en consecuencia, a proposta e de rexeitamento.

EMENDA PRESENTADA POLO CONCELEIRO D. XABIER PÉREZ IGLESIAS, MEMBRO NON ADSCRITO DO PLENO.

En data 17/02/2022, o Concelleiro D. Xabier Pérez Iglesias, membro non adscrito do Pleno, presentou unha emenda complementaria, que non se pode cualificar como parcial nin á totalidade co número de rexistro da Secretaría do Pleno 3.310/1101.

A emenda non da cumprimento ás limitacións reflectidas no artigo 83.2 do Regulamento Orgánico do Pleno, ademais dos empregos previstos no expediente 74/142 por unha contía de 45.811.576,19 euros, aumenta os empregos en outros 25.000.000,00 euros.

Parece que é intención do Sr. Concelleiro eméndante abocar ao Concello a unha situación de dispoñibilidade total do recurso financeiro que conforma o RLT aos efectos do seu esgotamento, de tal forma que o Concello non sexa capar de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 13 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

asumir os compromisos de financiamento do plan de recuperación e resiliencia e outros usos que teñen causa na propia execución dos proxectos en marcha.

A emenda no da cumprimento ao requirimento previsto no artigo 177 do TRLRFL.

Os empregos que se propoñen na emenda, representa unha opción política de aplicación alternativa dos recursos públicos a outros empregos distintos dos propostos polo goberno e aprobados pola Xunta de Goberno, polo que a proposta é de rexeitamento.

EMENDA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO.

En data 17/02/2022, a Concelleira Dona Oriana Méndez Fuentes e o Concelleiro, D. Rubén Pérez Correa, do Grupo Municipal Mixto, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 3.311/1101, presentan emenda á totalidade, incorporando os novos empregos, aínda que, non solicitando a devolución do expediente á Xunta de Goberno Local .

A emenda propón unha aplicación alternativa da contía total da modificación, das que practicamente na súa totalidade os empregos propostos non se axustan ao marco competencial das Entidades Locais Galegas, sen prexuízo de que os propoñentes teñan unha visión do marco normativo que vai máis aló do previsto polo lexislador.

En todo caso, en aplicación do previsto no marco competencial regulamentado no artigo 25 e 7 da LBRL, de atender á pretensión dos Srs. Concelleiros, esta modificación sería inexecutable. O informe técnico deixa acreditado que os empregos propostos non conforman o marco de competencias propias, aínda que algunhas entidades optasen por non respectar o marco xurídico de aplicación.

É un principio básico que os poderes públicos están suxeitos á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico, polo que, o Concello non debe atender aquelas demandas, propostas, emendas ou accións que non se acomodan ao ordenamento xurídico.

Pódese afirmar, que as emendas presentadas son contrarias ao orde de competencias atribuídas as distintas administración, o cal suporía paralizar este expediente sen alternativa, xa que a se está a propor, resulta contrario ao lexislado.

Así mesmo, tamén se está a propor nas emendas, unha contía de empregos superior que a aprobada pola Xunta de Goberno, o cal é contrario ao previsto no artigo 83.2 do Regulamento Orgánico do Pleno.

A vista da documentación relacionada e do informe de avaliación das emendas, para que prosiga a tramitación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no artigo 123.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) e art. 177.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, formúlase proposta ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión Informativa, para adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA DE REXEITAMENTO DAS EMENDAS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 14 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

PRIMEIRO.- Rexeitar a emenda a totalidade presentada polo Sr. Concelleiro, D. José Alfonso Marnotes González, voceiro do Grupo Municipal Populares de Vigo, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 3.307/1101, por representar unha proposta alternativa da aplicación dos empregos á proposta e aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 08/02/2022, así como propor uns usos incompatibles co principio de prudencia e do marco competencias regulado na LBRL.

A proposta alternativa de novos empregos, libera a Xunta de Galicia das súas obrigas e competencias para que sexa o Concello quen as asuma.

SEGUNDO.- Rexeitar a emenda parcial do Sr. Concelleiro, D. Xabier Pérez Iglesias, membro non adscrito do Pleno, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 3.310/1101, ao non respectar os límites previstos no artigo 83.2 do ROP.

A emenda engloba un grupo de empregos adicionais que desborda a contía aprobada en 25.000.000,00 euros.

A emenda non da cumprimento ao previsto no artigo 177 do TRLRFL.

TERCEIRO.- Rexeitar a emenda a totalidade presentada pola Concelleira Dona Oriana Méndez Fuentes e o Concelleiro, D. Rubén Pérez Correa, do Grupo Municipal Mixto, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 3.311/1101. Propón empregos alternativos que non están incluídos nas competencias propias regulamentadas no artigo 7 e 25 da LBRL.

Non habería competencia para acometer un programa de saúde mental, axudas ao comercio e autónomos, axudas á hostalería, plan de reforzo dos servizos educativos, todas estas son competencia das Comunidades autónomas, polo que, non sería posible artellar unha modificación de crédito cos empregos propostos.

CUARTO.- Manter a proposta formulada ao Pleno da Corporación, asinada polo Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda o día 08/02/2022 que se engade, non habendo alteración algunha en relación coa aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 8 de febreiro de 2022.

QUINTO.- Ao non alterar os recursos nin empregos do expediente informado polo Sr. Interventor Xeral o 07/02/2022, non require sometelo a novo informe, sendo o único requisito, o ditame da Comisión Informativa.

SEXTO.- Unha vez votada o rexeitamento das emendas, sométese ao Pleno da Corporación, co ditame da Comisión Informativa a seguinte proposta..."

De seguido o funcionario e o concelleiro informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 15 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria do 18.02.22, rexeita as emendas e ditamina favorablemente a proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

VOTACIÓN DAS EMENDAS DO MEMBRO NON ADSCRITO: Con un voto a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, cinco abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, e vinte votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, quedan rexeitadas as emendas.

VOTACIÓN DAS EMENDAS DO GRUPO MIXTO: Con dous votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e vinte votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, quedan rexeitadas as emendas.

VOTACIÓN DAS EMENDAS DO PP: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, tres abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e vinte votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, quedan rexeitadas as emendas.

VOTACIÓN FINAL: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e seis votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, mais dos membros do grupo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 16 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 12/2022, Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito, correspondente ao expediente 74/142 por unha contía de 45.811.576,19 euros, para facer fronte aos empregos que mais abaixo se relacionan (Anexo I), para os que non existe crédito no orzamento do ano 2022, ou se existe, resulta insuficiente e que resultan empregos inaprazables (30.701.576,19 euros de Crédito Extraordinario e 15.110.000,00 euros corresponden a un Suplemento de Crédito, quedando xustificada na memoria e nos informes dos servizos, tanto a inaprazabilidade dos empregos como a falta de dotación orzamentaria ou insuficiencia.

A modificación orzamentaria financiarase con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais dispoñible correspondente á Liquidación do Orzamento do ano 2021, cuxa cuantificación figura no expediente e na proposta, que resulta un recurso financeiro adecuado para dar cobertura á modificación orzamentaria nº 12/2022.

As orixes e aplicación de fondos (recursos e empregos) que conforman a modificación orzamentaria son os que se relacionan, que afectan aos Servizos de Vías e Obras, Vigo vertical, eficiencia enerxética, Xardíns, Educación, Festas, Deportes e Patrimonio Municipal.

A unidade encargada da tramitación dos expedientes de investimento que conforman a modificación orzamentaria é a Área de Fomento.

SEGUNDO.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 do TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

TERCEIRO.- De non presentarse reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOPP, sendo executivos os créditos a partires da súa publicación.

De presentarse reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano. As reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

CUARTO.- Ao amparo do previsto no artigo 171 do TRLRFL, contra a aprobación definitiva da concesión do Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 17 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do s créditos relacionados no expediente 74/142.

Incidencia.- Auséntase o Sr. Alcalde pasando a presidir o Segundo Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira.

5.(27). DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA POLO QUE SE APROBA A LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DESTE CONCELLO DE VIGO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2021. EXPTE. 210/143 (EXPTE. PLENO 3287/1101).

ANTECEDENTES.- Dáse conta do Decreto da Alcaldía, de data 3 de febreiro de 2022, transcrito a continuación,

“En uso das facultades que me confire a normativa vixente en materia de Réxime Local (Art. 191.3 do TRLRF e 90.1 del R.D. 500/1990), vistos os informes emitidos e a proposta formulada polo Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda , en cumprimento do previsto no artigo 192 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, tramítase a Liquidación do Orzamento da Entidade Local correspondente ao ano 2021 e incorpórase a Liquidación do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo así como os datos correspondentes ás Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación.

A Liquidación queda conformada polas institucións que conforman en termos do previsto nos artigos 166 e 192 do TRLRFL o perímetro de Consolidación, aínda que o mesmo sexa distinto do previsto no artigo 2 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e o SEC-2010, onde queda engadido dentro do Perímetro de Consolidación a Fundación MARCO e a Fundación CONVENTION BUREAU

O ámbito subxectivo da Liquidación está conformado por:

Entes con orzamento limitativo:

Entidade Local.

Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo.

Entes sectorizados pola Intervención Xeral do Estado, contabilidade empresarial:

Fundación MARCO.

Fundación CONVENTION BUREAU.

Vistos os informes e a Proposta,

R E S O L V O:

1º) Aprobar a Liquidación do Orzamento da Entidade Local Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo e do Grupo de consolidación, proposta polo Órgano competente, correspondente ao exercicio 2021 cos estados que forman parte do expediente de Liquidación da Entidade Local e do Organismo Autónomo, que reproducen toda a documentación que regula a Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 18 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, incorporando a esta Resolución as magnitudes máis importantes que resumen a totalidade da xestión económica e financeira da Entidade, do seu Organismo Autónomo Administrativo dependente e das Fundacións sectorizadas ao longo do ano 2021, conformada pola Entidade Local, o Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU.

Magnitude de interés

Magnitude	Entidade	Consolidados	Grupo SEC-2010
Resultado orzamentario axustado	54,044,830.93	55,913,605.05	
Aforro Neto Legal	51,899,337.79	53,901,783.69	
Remanente Tesourería para G.Xerais	135,729,808.86	148,771,757.06	
Tesourería	149,773,963.81	167,764,746.29	
Obrigas pendente de pago orzamt. corrente	11,635,749.12	12,106,603.89	
Obrigas pendentes non orzamentarias	15,673,052.59	16,466,069.32	
Saldo pendente de devolución ingresos	1,080.63	16,307.19	
Estabilidade	25,527,824.07		28,816,415.05

Fluxos de tesourería dos entes con orzamento limitativo

Concepto	Entidade	Consolidado
Saldo inicial	117,055,890.04	131,279,147.84
Cobros Orzamentarios corrente e pechados	272,609,826.76	277,156,039.67
Pagos Orzamentarios corrente e pechados	-240,687,042.65	-241,566,614.18
Cobros non Orzamentarios	62,222,451.94	65,556,835.45
Pagos non Orzamentarios	-61,605,636.32	-64,870,611.28
Ingresos pendentes de aplicación	179,159.04	210,633.79
Variación entre Saldo Inicial e final das 575	-685.00	-685.00
Variación neta	32,718,073.77	36,485,598.45
Saldo final	149,773,963.81	** Expression is faulty **

Período medio de pago mensual do grupo

PMP , Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017, correspondente ao ano 2021												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 19 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Ent. Local	15.28	7.67	8.32	8.08	9.41	8.97	9.17	12.34	10.34	14.31	11.06	8.56
MARCO	85.85	89.29	97.79	30.17	31.71	36.48	31.05	26.91	25.62	30.19	32.61	45.61
XMU	4.83	13.06	5.49	11.76	8.06	1.97	3.98	16.18	13.92	12.43	7.65	10.50
V. C.BUR.	15.74	9.32	8.76	21.71	15.03	6.24	22.88	9.30	3.62	9.84	4.34	6.10
PMP Global	17.56	8.84	9.35	8.30	9.53	8.87	9.12	12.42	10.43	14.36	11.14	8.70

Endebedamento grupo

$\% \text{ Endebedamento} = (\text{Débeda financeira bancaria pendente de amortizar} / \text{Dereitos Liquidados por operacións correntes do estados consolidados}) * 100.$

En relación co endebedamento, a Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira no seu artigo 13 establece a obriga de non pasar o límite de débeda pública que se establece en relación co PIB. Para os anos 2020-2021, están suspendidas o cumprimento das variables fiscais.

Non se estableceu unha equivalencia do citado límite de débeda en termos de ingresos non financeiros ou outra variable que permita o seu cálculo de forma individual para cada entidade, polo resulta de aplicación o límite que establece o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais no seu artigo 53, que o fixa no 110% dos ingresos correntes liquidados, considerando para o seu cálculo o disposto na Disposición final trixésimo primeira da LPGE para 2013.

Dereitos Liquidados axustados por operacións correntes dos estados consolidados unha vez feitos os axustes: 259.807.017,17 euros

Débeda bancaria pendente de amortizar a 31/12/2021: 0 euros.

Débeda a curto prazo da Fundación MARCO 54.812,96 euros, que non computa no endebedamento por ser de curto prazo.

Coefficiente de endebedamento a 31/12/2021, 0%.

Cumprimentos

Durante o exercicio 2021, da información mensual que se achega dos entes que conforman o perímetro de consolidación, deuse cumprimento ao PMP, resultando unha media para o grupo de 10,72 días, calculado segundo o previsto no Real Decreto 635/2014, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, do que se achega un estado informativo no expediente.

Se a análise faise exclusivamente para o Concello, o PMP do ano 2021, é de 10,29 días.

Se o cálculo para o Concello faise seguindo a metodoloxía da Instrución de Contabilidade, excluindo aos demais entes do grupo, o PMP anual é de 9,16 días.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 20 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Hai cumprimento dentro das sendas previstas dos obxectivos fiscais, taxa de referencia.

Hai aforro neto positivo, calculado nos termos que establece o artigo 53 do TRLRFL.

Hai Remanente Líquido de Tesourería para gastos Xerais positivo.

Hai Resultado Orzamentario positivo.

Non hai endebedamento con ningunha entidade financeira.

Os Remanentes de crédito que cumpran os requisitos legais regulamentados no artigo 182 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, serán obxecto de incorporacións de crédito ao orzamento do ano 2022, para o que se tramitará o preceptivo expediente de modificación orzamentaria con suxeición ao previsto no TRLRFL e Bases de Execución do Orzamento.

Da Liquidación do Orzamento do grupo de consolidación darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre en cumprimento do previsto no artigo 193.4 do TRLRFL.

Así mesmo, en execución do previsto no art. 193.5 do TRLRFL, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a Comunidade Autónoma antes de que finalice o mes de marzo de acordo os procedementos de remisión telemática que están previstos.

En relación cos prazos de remisión, estarase ao previsto na LOEPSF e a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, quedando establecido o calendario na Disposición Final SEXTA das Bases de Execución do Orzamento.”

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria de data 16.02.2022, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado da Liquidación do Orzamento do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2021.

6.(28). APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE DA UA HERNAN CORTES . EXPTE. 5264/401.(EXPTE. PLENO 3309/1101).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 21 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES: Con data 21/01/2022 a técnica de admón. xeral da oficina de Planeamento, co conforme da xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico e do xerente de Urbanismo, emiten o seguinte informe:

“ANTECEDENTES E FEITOS

I.- A Xunta de Goberno local do Concello de Vigo, na sesión ordinaria que tivo lugar con data do 01.07.2021, de conformidade e en base á proposta subscrita conxuntamente o 17.06.2021, pola Técnica de Admón Xeral de planeamento e xestión, e a arquitecta xefa de Barrios Históricos, co conforme do xerente de urbanismo da mesma data, acordou, entre outros pronunciamentos, e no que aquí nos interesa, *“PRIMEIRO.- Prestar aprobación inicial ao Estudo de Detalle formulado, mediante iniciativa particular, por Don Isaac Álvarez García e outros, co obxecto de definir con precisión as aliñacións exteriores e interiores así como a reordenación de volumes edificables, (dous bloques) no ámbito da UA Hernán Cortés, acadando así os obxectivos do PEEC, instrumento urbanístico redactado polo arquitecto don José A. Comesaña García, de data marzo de 2021, e visado polo COAG con data do 18.03.2021 , documento refundido inserido no Rexistro electrónico desta XMU con data do 28 de abril de 2021 (COD. W555281-2397) e no mesmo acto proceder a delimitación deste ámbito de actuación no medio urbano, de conformidade co previsto na Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana, dotando a administración dun mecanismo áxil, que permitirá garantir o cumprimento das obrigacións de edificación, conservación e rehabilitación dos inmobles, axustado á normativa básica estatal e completando a regulación da lexislación do solo de Galicia. SEGUNDO.- Someter o instrumento inicialmente aprobado a información pública polo prazo de un (1) mes, mediante a inserción de senllos anuncios, por conta dos promotores, que se publicarán no Diario Oficial de Galicia, nun dos xornais de maior difusión da provincia, no Portal de Transparencia e na sede electrónica do Concello de Vigo, con notificación individualizada aos titulares catastrais dos terreos afectados. Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, solicitaranse das administracións públicas competentes os informes sectoriais e as consultas que resulten preceptivos. TERCEIRO.- Remitir certificación do presente acordo xunto co instrumento urbanístico inicialmente aprobado, debidamente dilixenciado, á Subdirección General de Aeropuertos y Navegación Aérea, da Dirección General de Aviación Civil, toda vez que o presente Estudo de Detalle atópase abranguido no eido das servidumes aeronáuticas establecidas no Plan Director do Aeroporto de Vigo, para que procedan a emitir, de ser necesario, o informe previsto na Disposición Adicional 2ª do Real Decreto 2591/1998, do 4 de decembro, de Ordenación dos Aeroportos de Interese Xeral e a súa Zona de Servizo, en relación co artigo 29.2 do Decreto 584/1972, do 24 de febreiro, de servidumes aeronáuticas. (...)”* da que se extracta a continuación o seu contido íntegro para unha maior comprensión do sentido do acordo adoptado:

“(…)Con data do 20.11.2020, a entidade mercantil “Meifus Inbest, SL”, insería no Rexistro electrónico desta XMU, baixo o COD. SOL.: W496243-5243, impreso de solicitude ao que xunta documentación consistente en: escrito acreditando a lexitimación para impulsar o presente procedemento na súa condición xunto a outros da propiedade de máis do 50% da superficie do ámbito, proposta de delimitación da actuación conxunta e Estudo de detalle da U.A Hernán Cortés.

Á vista da documentación achegada, con data do 03.02.202 a arquitecta xefa de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 22 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Barrios Históricos, emite informe técnico no que conclúe a necesidade da achega de documentación complementaria e aclaratoria.

O referido informe foi remitido a entidade promotora, mediante oficio do Xerente de Urbanismo do 04.02.2021 (Not. Núm. 1643/2021), ao abeiro do pautado no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En cumprimento do requirido, con data do 23.02.2021, os solicitantes achegaban a través do rexistro electrónico do Concello de Vigo (COD. SOL.: W522424-735) diversa documentación consistente en: Escritura de adhesión, estudo de viabilidade, e Memoria de delimitación da actuación complementaria.

Elevada dita documentación á oficina de Barrios Históricos, con data do 04.03.2021 a arquitecta municipal xefa do servizo, emitía informe técnico, a cuxo íntegro contido nos remitimos, no que se reflicte que, para continuar a tramitación do Expediente de referencia e necesario que o solicitante, presente a Documentación necesaria aclaratoria. Dito informe foi remitido aos promotores da actuación mediante oficio do xerente de urbanismo de data 04.03.2021 (Not. Núm. 3116/2021) ao abeiro do previsto no artigo 82 da LPACAP.

En atención ao trámite conferido, con data do 18.03.2021, (COD. SOL.: W530252-9898) os peticionarios, achegan Estudo de Detalle reformado, suscrito polo Arquitecto D. José A. Comesaña García, e visado polo COAG con data do 18.03.2021; Dita documentación foi informada técnica e xuridicamente, con data do 06.04.2021 pola arquitecta xefa de barrios históricos e con data do 16.04.2021 pola Técnica de Admon. Xeral do servizo de planeamento e xestión, nos que a modo de conclusión se alude a emenda/aclaración de diversas cuestións técnicas e xurídicas, polo que, a teor do neles reflectido, se lle deu traslado aos solicitantes mediante oficio do Xerente de urbanismo do 19.04.2021 (Not. Núm. 5421/2021), conferíndolles trámite de audiencia e vista no expediente.

Finalmente, con datas do 27 e 28 de abril de 2021, a entidade Meifus Inbest, SL, presenta no Rexistro electrónico do Concello de Vigo, (COD. SOL.: W543680-8637 e W555281-2397) a seguinte documentación: Addenda a proposta da Delimitación do ámbito de actuación conxunta da UA Hernán Cortes, Estudo de Detalle da Unidade de Actuación Hernán Cortes, documentación refundida que anula e substitúe a anteriormente presentada, de data marzo de 2021, asinado polo Arquitecto D. José A. Comesaña García, e visado polo COAG con data do 18.03.2021.

Así as cousas, con data do 03.06.2021, a arquitecta municipal xefa do servizo de Barrios históricos, emite informe favorable, ao estudo de detalle achegado, do seguinte teor literal:

“(…) Este Informe emítase en relación coa documentación presentada coas datas 20/11/2020, 18/3/2021 e 22/03/2021 por MEIFUS INBEST. SOCIEDAD LIMITADA e documentación refundida coa data 28/05/2021, presentada por D. José Antonio Comesaña García, na que se solicita a tramitación dun ESTUDIO de DETALLE da Unidade de actuación Hernán Cortes, visado coa data 18/03/2021.

A solicitude ven acompañada:

- Dun Estudio de Detalle asinado polo Arquitecto D. José A. Comesaña García. A



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 23 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

documentación a que fai referencia este Informe, consiste nunha Memoria Xustificativa, cinco anexos, oito planos de información, seis planos de proposta.

Segundo o artigo 80.1 da LSG e 194 do RLSG “Os estudos de Detalle poderán ser formulados polos Concellos, pola Administración Autonómica, por outros órganos competentes no ámbito urbanístico e polos particulares lexitimados para facelo”.

I- CONDICIÓN S URBANÍSTICAS

O planeamento vixente na actualidade no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, PXOU-93 nomeado “Expediente de Subsanción de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 a LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia), aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29.04.1993, coas súas modificacións puntuais, e cuxa aprobación definitiva foi publicada no DOG núm 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no BOP núm 133, o 14 de xullo de 1993, O vixente PXOU/93 clasifica o solo do ámbito da UA como solo urbano, incluído na delimitación da área remitida ao “Plan Especial de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar” con aprobación definitiva polo Pleno do Excmo Axuntamento de data 25 de Outubro de 1990.

O vixente Plan Especial e Catálogo Complementario de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar en Vigo (PEEC) contén entre as súas previsións once intervencións na cidade central, denominadas Unidades de Actuación.

O PEEC contén a ordenación detallada de todas as UA e establece os obxectivos a obter en cada unha de elas. O Anexo 3 fixa os criterios xerais e nas fichas de cada unidade se inclúen os obxectivos principais de cada unidade e a ordenación proposta.

II- INTERES PÚBLICO DA INTERVENCIÓN

De acordo coa Memoria presentada:

- “La conveniencia de abordar la ejecución de la U.A Hernán Cortés resulta notoria. Se trata de un ámbito de la maior centralizade y cuxo estado actual contrasta negativamente con el contexto urbano no que se encontra, configurado, ademais de polas rúas Maria Berdiales e Hernán Cortés, pola próxima r/ Urzaiz que foi obxecto de recente reurbanización, a Avnda da Gran Via, neste momento na fase de transformación do seu bulevar central, o pola actuación, xa finalizada, de cambio de usos e nova edificación no solar do antigo Colexio Cluny”.

- “En consecuencia, concorren as circunstancias que xustifican as iniciativas públicas e privadas precisas para levar a cabo e rematar esta actuación no centro da cidade, alcanzando os obxectivos previstos no PEEC (Crear unha praza de uso público de 800m2, tapar medianeiras, mellora das vivendas, dotacións de aparcamento)”.

III- CATEGORIZACIÓN DO SOLO URBANO

O ámbito da UA Hernán Cortés está clasificado no expediente de “Subsanción de deficiencias da Adaptación do PXOU 1988 a Lei Galega 11/85” (PXOU 93) de Vigo como solo urbano, e se inclúe dentro do ámbito dunha Unidade de Actuación (segun



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 24 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

denominación do PEEC) Si ben, urbanisticamente, se considera como unha actuación asistemática no solo urbano consolidado. Neste senso a de terse en conta que, conforme o réxime previsto no apdo 2) da Disposición Transitoria primeira da Lei/2016 do Solo de Galicia (LSG):

“O Planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado a Leí 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:

a) Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17 ^{a)} desta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado”

Polo tanto, de acordo coa lexislación aplicable, a de partirse necesariamente da consideración deste solo como urbano consolidado, respectándose a ordenación establecida no PEEC, cuxa ficha ten a consideración de ordenación detallada. Así se indica no Informe elaborado polo Secretario da XMU (expediente 101153/421) de data 03/06/2020:

“O ámbito da U.A. Hernán Cortés, 1.780 m2, inserto na mais tupida malla urbana da cidade central, atópase integrado por terreos que reúnen a condición de soar, artigo 17 ^{a)} LSG, o ter todos eles acceso por vía pública pavimentada e servizos urbanos; Consecuencia diso, o solo urbano do ámbito ostenta a categoría de “consolidado” polo que lle é de aplicación o réxime disposto na LSG para tal categoría, Disposición Transitoria. Primeira 2.a).”

Citando no dito Informe como conclusións:

- “As condicións urbanísticas aplicables á U.A Hernán Cortés do PEEC correspóndese coas previstas na Ficha do PEEC; a súa execución require da previa aprobación dun Estudio de Detalle coas limitacións previstas no artigo 79.2 da LSG”.

- “O Estudio de Detalle determinará con precisión as aliñacións exteriores e interiores do ámbito e a ordenación dos volumes edificables, dous bloques”.

- “A presentación do Estudio de Detalle, conforme os artigos 80.1 da LSG (lexitimación para a súa formulación e 6.6.b) da mesma norma, require da súa aceptación polos propietarios que representen máis do 50% da superficie da U.A.”

IV- INICIATIVA DE PLANEAMENTO

O art 11.1.c) da LRRRUG, e segan o articulo 8.1 da TRLS, indican que a iniciativa para propoñer a ordenación das actuacións sobre o medio urbano, nos termos establecidos pola lexislación básica estatal (TRLs),pode corresponder as persoas físicas e xurídicas propietarias e titulares de dereitos reais.

Asímesmo no art 66 da LSG se indica que os plans de iniciativa particular, ademais das determinacións establecidas neste titulo , deberán: “b) Acreditar, no caso de plans elaborados por iniciativa particular, a aceptación polos propietarios ou propietarias que representen mais do 50% da superficie do ámbito de planeamento”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 25 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Ditos propietarios, que promoven o Estudio de Detalle, representan actualmente o 68,40 % da superficie do solo do ámbito sobre o total de propietarios particulares (e o 51,47% da superficie do solo do ámbito incluíndo a superficie ocupada polo viario municipal existente).

V- CONVENIENCIA DA REDACCIÓN DUN ESTUDIO DE DETALLE- DOCUMENTACIÓN

O Obxecto do Expediente consiste nun Estudio de Detalle que desenrola a Unidade de Actuación Hernán Cortes do vixente Plan Especial e Catálogo Complementario de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar en Vigo, con obxecto de definir con precisión as aliñacións exteriores e interiores do ámbito así como a ordenación de volumes edificables para, tras a actuación de transformación urbanística, crear parcelas aptas para a edificación.

O art 79 da LSG (192 da RLSG) establece que en desenvolvemento dos Plans Xerais, plans parciais e plans especiais, poderán redactarse estudos de detalle cos seguintes obxectivos:

- “a) Completar o reaxustar as aliñacións e as rasantes.*
- b) Ordenar os volumes edificables.*
- c) Concretar as condicións estéticas e de composición das edificacións complementarias de planeamento”.*

Polo tanto o obxecto do presente Estudio de Detalle é acorde coas determinacións previstas na LSG para este tipo de instrumentos, desenvolve tanto O Plan Xeral de Ordenación Urbana como o PEEC a el, incorporado. Completando e reaxustando as aliñacións e rasantes e ordenando os volumes edificables.

O Estudio de Detalle contén a Documentación requirida no art 193 do RLSG no que se establece:

- “a) Memoria xustificativa da conveniencia da súa redacción,e explicativa das solucións adoptadas e da súa adecuación ás previsións do plan que complementen, así como do cumprimento das esixencias legais e regulamentarias que lle sexan de aplicación.*
- b) Planos de información da ordenación pormenorizada do ámbito afectado segundo o planeamento vixente.*
- c) Planos de ordenación a escala adecuada e, como mínimo a 1/500, que expresen as determinacións que se completan modifican o reaxustan, con referencias precisas á nova ordenación e a súa relación coa anterior, e análise gráfica dos volumes ordenados, se é o caso, comprensivo do seu ámbito e do seu contorno.”*

No cumprimento do citado art. O Estudio de Detalle contén a seguinte Documentación:

MEMORIA XUSTIFICATIVA incluíndo: Obxecto. Localización e ámbito de actuación. Situación urbanística. Estado actual. Xustificación da proposta. Ordenación proposta. Proposta de xestión urbanística. Incidencia sobre predios colindantes. Relación de fincas incluídas.

ANEXOS: Vixencia de planeamento. Reportaxe fotográfico. Fichas catastrais. Documentación titularidade de fincas. Declaración responsable.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 26 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

PLANOS DE INFORMACIÓN: I-01 Situación segan PXOU93, I-02 Situación segun cartografía oficial. I-03 Ordenación segan Ficha do PEEC. I-04 Plano topográfico-Delimitación ámbito. I-05 Plano parcelario. I-06 Plano estado edificacións e usos existentes. I-07 Seccións e alzados actuais. I-08 Alzados contextualizados.

PLANOS DE PROPOSTA: P-01 Ordenación proposta. P-02 Aliñacións e rasantes. P-03 Alzados proposta. P-04 Seccións proposta. P-05 Alzados contextualizados. P-06 Imaxe final.

VI- ORDENACIÓN PROPOSTA_CESIÓN

De acordo coa Memoria presentada, a ordenación proposta desenrola estritamente os obxectivos principais de ordenación establecidos na Ficha da U.A. Hernán Cortés:

- Ordenar a zona
- Crear unha praza de cerca de 800m² na confluencia das rúas Hernán Cortés e Maria Berdiales.
- Conectar a praza coa rúa Simón Bolivar de forma peonil.
- Tapar medianeiras existentes.
- Proporcionar novas e mellores vivendas na zona.
- Crear unha zona comercial e de aparcamentos baixo a praza cuxa cota será o encontro entre as rúas Hernán Cortes e Maria Berdiales.

De acordo coa Memoria presentada: "Trátase da parcelación e ordenación dun moi reducido ámbito (1780,00 m²) que ten como fin establecer unha racionalidade urbanística no sentido de substituír, as na súa maior parte degradadas e baleiras, edificacións existentes (actuación edificadora) por dous bloques separados de oito alturas o que nin sequera supoñe un incremento substancial da edificabilidade existente. O obxectivo expreso do PEEC na U.A. segundo sinala a Ficha, é ordenar a zona (cidade central), xerar un uso residencial de novas e mellores vivendas (63) e crear, mediante obras complementarias de urbanización de escasa entidade, un espazo público de 780,00 m² para a súa conexión peonil coa rúa Simón Bolivar, todo iso outorgará maior calidade urbanística o ámbito e a súa contorna mais inmediata".

A superficie do ámbito delimitado se reduce de 1780 m² a 1760,65 m² (aproximadamente un 2%), no relativo a superficie da praza, se plántea unha superficie de praza de uso público de 817,30m², superior aos 800m² da Ficha. En canto a edificabilidade tomando como base a superficie delimitada final (1760,65 m²) aplicando o coeficiente reducido (4,49438 m² c/ m² s) da como resultado unha edificabilidade sobre rasante de 7.913,03 m² c, inferior o parámetro indicado na ficha (8000 m² c).

Non se destinará edificabilidade lucrativa baixo a rasante da praza de uso público, o único uso previsto será o de garaxe aparcamento.

A Praza Pública estará formada por 435,62 m² de superficie de dominio e uso público e 381,62 m² de superficie de cesión de uso público de superficie.

No solo e subsolo de dominio e uso público non esta previsto ningún tipo de uso e edificabilidade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 27 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Baixo a rasante das zonas de cesión de uso público de superficie, o único uso previsto será o de garaxe- aparcamento.

Os dous sólidos proxectados se plantexan de modo que tapan as actuais medianeiras (ata as alturas máximas que permite o PEEC) que presentan os edificios colindantes co ámbito (Hernán Cortés e Dr Carlos Colmeiro Laforet 5 e o sólido1; e Dr Carlos Colmeiro Laforet 8 e o sólido2).

A ordenación evita a formación de novas medianeiras rebaixando a 1 altura a zona de contacto do sólido 1 co edificio Dr Carlos Colmeiro Laforet 5 (das 8 máximas admisibles); e a 5 alturas a zona de contacto do sólido 2 co edificio Dr Carlos Colmeiro Laforet 8 (das 8 máximas admisibles).

Entre o sólido 2 e o edificio colindante no fronte de Dr Carlos Colmeiro Laforet hai tres alturas no fronte a rúa. Se plantexa, pois, o tapado de dita medianeira segan o criterio estrito de dita ordenanza, sen que dito reaxuste supoña en ningún caso aumento da edificabilidade do ámbito según os parámetros da ficha.

De acordo coa Memoria do Estudio de Detalle presentada: "Por todo o exposto, co Estudio de Detalle proposto, a incidencia sobre os predios colindantes se considera positiva pois respecta as luces e ocos existentes nos actuais inmobles colindantes, cubrindo as medianeiras vistas existentes co que se mellora a imaxe urbana"

VII- ESTUDIO DE DETALLE- LIMITACIÓNS

De acordo co art 79 da Leí 2/2016 do Solo de Galicia, O Estudio de Detalle non propón: "

- a)-Alterar o destino urbanístico do solo.*
- b) Incrementar o aproveitamento urbanístico.*
- c) Reducir as superficies destinadas a viais ,espazos libres ou dotacións públicas.*
- d) Prever a apertura de vías de uso público que non estean previamente recollidas no plan que desenvolvan o completen.*
- e) Aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso.*
- f) Parcelar o solo.*
- g) Non ter en conta ou infrinxir as demais limitacións que lles impoña o correspondente plan.*
- h) Establecer novos usos e ordenanzas.*

VIII- TRAMITACIÓN

De acordo co Art 80 da Leí 2/2016 do Solo de Galicia, o Estudio de Detalle é formulado polos particulares lexitimados para facelo, e a súa tramitación esta contida no dito art.

a- Informes previos

Segundo o art 6.2 da Lei 21/2013 serán obxecto dunha avaliación ambiental estratéxica simplificada os plans e programas de reducida extensión que se adopten por unha Administración pública e cuxa elaboración e aprobación veña esixida por unha disposición legal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 28 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En canto a innecesiedade de someter os Estudos de Detalle a avaliación ambiental estratéxica se pronuncia a propia Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda na súa paxina Web, na que se indica expresamente que: “Os estudos de detalle aos que fai referencia o artigo 79 da Lei 2/2016 non se someten a avaliación ambiental estratéxica”.

b- Aprobación inicial- Documentación actual

De acordo co art 194.2 do RLSG: “Os estudos de Detalle serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo dun mes mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificaráselles individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados. De ser o caso, solicitaranse os informes sectoriais perceptivos (Artigo 80.2 da LSG).

O ámbito da U.A. Hernán Cortés esta situada a menos de 20m dos edificios situados na R/ M^a Berdiales N^o 27 e 29 catalogados co grao de protección Ambiental, de acordo cos art da Lei 5/2016, do 4 de maio de Patrimonio Cultural de Galicia:

- Art 38 contornos de protección: c) As parcelas, edificios e espazos públicos situados a unha distancia inferior a 50 metros no caso de bens inmobles declarados de interese cultural e a 20metros no caso de bens catalogados.

- Art 39 Autorizacións: “As intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terá que ser autorizados pola consellería competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións que se establecen nesta lei”.

Por outra banda na Instrución N^o 1/2021 da Xerencia de Urbanismo sobre os contornos de protección dos elementos catalogados Expte 1066/400 se indica: “Elementos, Catalogados no ámbito de planes especiais de protección vixentes: Os contornos que, no seu caso estableza, o Plan Especial en cuxa delimitación se atopen e sen que sexan de aplicación os que, con carácter subsidiario, establézanse na Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia”. O PEEC non establece contornos de protección dos elementos catalogados.

Durante o tramite de Exposición ao público se solicitara Informe do Departamento de Trafico do Concello sobre as condicións da praza e o acceso rodado, e así mesmo sobre as condicións de ocupación de subsolo, coa posibilidade de introdución de modificacións no tratamento de dito espazo.

c- Documento para aprobación definitiva.

De acordo co art 194.2 do RLSG: “A vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobaraos definitivamente, coas modificacións que resulten pertinentes”(artigo 80.2 da LSG). Así mesmo no dito art. Se indica: “Os prazos para a súa aprobación definitiva será os establecidos no artigo 76 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e artigo 187 deste regulamento” (artigo 80.2 da LSG)(...)”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 29 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

FUNDAMENTOS LEGAIS OU VALORACIÓN XURÍDICA

I.- Normativa examinada

- *Rdlex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana (TRLSRU),*
- *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG),*
- *Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (RLSG), e a súas modificacións*
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental,*
- *Lei 1/2019, do 22 de abril, de Rehabilitación, rexeneración e renovación urbana de Galicia,*
- *PXOU93, Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG núm 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P 133, o 14 de xullo de 1993,*
- *Plan Especial de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar, (PEEC) aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo con data 25 de Outubro de 1990,*
- *LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),*
- *LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),*
- *Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),*
- *O resto de disposicións que poidan afectar,*

II.- Previsións do Planeamento de aplicación

O planeamento vixente na actualidade no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, PXOU-93 nomeado “ Expediente de Subsanción de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 a LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia), aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29.04.1993, coas súas modificacións puntuais, e cuxa aprobación definitiva foi publicada no DOG núm. 87 o 10.05.1993 e a súa normativa foi publicada no BOP núm 133, do 14 de xullo de 1993.

O vixente PXOU/93 clasifica o solo do ámbito da UA Hernán Cortés como solo urbano, incluído na delimitación da área remitida ao “Plan Especial de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar”, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo con data 25 de Outubro de 1990.

Cómpre indicar que de conformidade co previsto na Disposición Transitoria primeira da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, configúrase como unha actuación asistemática en solo urbano consolidado.

O vixente Plan Especial e Catálogo Complementario de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar en Vigo (PEEC) contén entre as súas previsións dita intervención, nomeada UA Hernán Cortes, emprazada na cidade central, fixando o Anexo 3 e a súa correspondente ficha os obxectivos xerais a obter e a ordenación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 30 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

proposta.

III.- Os Estudos de Detalle na LSG e no RLSG

Tanto a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante LSG),- artigos 79 e 80,- e en similares termos o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do solo de Galicia, nos seus artigos 192 e seguintes-, regulan, entre os instrumentos de planeamento urbanístico, os estudos de detalle, que se poden redactar, en desenvolvemento dos plans xerais, parciais e especiais, coa finalidade, exclusivamente, de completar ou reaxustar as aliñacións e as rasantes, ordenar os volumes edificables, así coma concretar as condicións estéticas e de composición da edificación complementarias do planeamento, mantendo as súas determinacións.

Estes instrumentos de planeamento en ningún caso poderán alterar o destino urbanístico do solo, incrementar o aproveitamento urbanístico, reducir as superficies destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas, prever a apertura de vías de uso público que non estean previamente recollidas no plan que desenvolvan ou completen, aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso, parcelar o solo, descoñecer ou infrinxir as demais limitacións que lles impoña o correspondente plan nin establecer novos usos e ordenanzas.

En definitiva, os Estudos de Detalle veñen limitados, pola imposibilidade de modificar as determinacións fundamentais do Plan xeral, incluídas a altura e o número de plantas construíbles, a redución de espazos destinados a viais, a redución do volume e altura edificables, a modificación dos coeficientes de edificabilidade e distancias ás extremas nin tampouco alterar o aproveitamento establecido polo Plan xeral.

IV.- Ámbito, obxecto e alcance do Estudo de Detalle

O Estudo de Detalle que nos ocupa ten por obxecto desenvolver a UA Hernán Cortés do vixente PEEC do Concello de Vigo, definindo con precisión as aliñacións exteriores e interiores do ámbito así como a ordenación de volumes edificables.

En concreto, desenvolve estritamente os obxectivos principais de ordenación que establece a Ficha da U.A Hernán Cortés, do xeito e co resultado que se indica na Memoria presentada, e así o reflicte a arquitecta xefa de barrios históricos no seu informe de 03.06.2021, reproducido integramente nas alíneas precedentes.

O Ámbito e Obxecto do presente instrumento, se recolle polo miúdo na Memoria xustificativa (punto 1 e 2) do documento refundido presentado aos efectos da súa aprobación inicial, correspondéndose co definido como Unidade de actuación Hernán Cortés no PEEC 1991 de Vigo, acadando unha superficie de 1.760, 65 m2 segundo recente medición, delimitado polo norte, pola rúa María Berdiales, na fronte dos edificios nº 26,28, e 30; polo Sur, a edificación nº 26 da rúa Hernán Cortés; polo Este, pola rúa Hernán Cortés, na fronte dos edificios nº 12, 14, 16, 18, 20, 22 e 24 desta; e polo Oeste, as edificacións que dan fronte a rúa Doctor Carlos Colmeiro Laforet 5 e 8.

A delimitación proposta, se reflicte no apartado 5.3 da nomeada Memoria xustificativa, do seguinte xeito:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 31 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"(...) Según la ficha incluida en la UA Hernán Cortés, la superficie del ámbito asciende a 1.780 m². Tras la medición topográfica, el ámbito delimitado por la Ficha del PEEC resulta tener 1.799,30 m². No obstante, tal y como se ha señalado en apartado anterior, ha de excluirse del ámbito la parte de la denominada parcela A que está dentro de la UA Simón Bolívar. Dicha superficie asciende a 42,30 m².

Por otra parte, la delimitación precisa de la parcela con frente a la rúa Dr. Carlos Colmeiro Laforet 4 supone incluir 3,65 m² más de ámbito. Como resultado de todo ello, y tras la medición topográfica pormenorizada del ámbito y su ajuste, éste resulta tener un total de MIL SETECIENTOS SESENTA METROS CON SESENTA Y CINCO DECÍMETROS CUADRADOS (1.760,65 m²)



A teor do exposto, o presente Estudo de Detalle cumpre co establecido no artigo 79



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 32 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

da LSG, así como nos artigos 192 e 193 do RLSG.

V.- Documentación do Estudo de Detalle

O Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, adica os artigos 192, 193 e 194 a regular os Estudos de Detalle.

De forma taxativa o artigo 192, establece os documentos que deberán conter os Estudos de Detalle, do seguinte xeito:

- Memoria xustificativa da conveniencia da súa redacción e explicativa das solucións adoptadas e da súa adecuación ás previsións do plan que complementen, así como do cumprimento das exixencias legais e regulamentarias que lles sexan de aplicación.
- Cando se modifique a disposición de volumes efectuarase un estudo comparativo da superficie edificable resultante por aplicación das determinacións previstas no plan e das que se obteñen no estudo de detalle, xustificando o cumprimento do disposto no punto 2 do artigo anterior deste regulamento.
- Planos de información da ordenación pormenorizada do ámbito afectado segundo o planeamento vixente.
- Planos a escala adecuada e, como mínimo, 1:500, que expresen as determinacións que se completan, modifican ou reaxustan, con referencias precisas á nova ordenación e á súa relación coa anterior e análise gráfica dos volumes ordenados, se é o caso, comprensivo do seu ámbito e do seu contorno.

Revisada a documentación achegada, e tal e como indica o informe técnico incorporado ao expediente de 03.06.2021, a mesma cumpre cos requisitos documentais relacionados no parágrafo anterior e conta cunha copia do seu contido, en soporte dixital, incorporada ao procedemento. Asemade, observa as limitacións anteriormente referidas, que pautan o alcance dos estudos de detalle

VI.- Formulación e aprobación dos Estudos de Detalle

Os estudos de detalle poderán ser formulados polos Concellos, pola administración autonómica, por outros órganos competentes no eido urbanístico e polos particulares lexitimados para facelo (art. 80.1 LSG e 194.1 RLSG); Neste suposto os particulares que o formulan representan mais do 50 % da propiedade do eido, concretamente o 69,01% da superficie do solo do ámbito, tal e como manifestan na Memoria xustificativa e documentación xustificativa xuntada á mesma, e de cuxa veracidade responden.

Serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos despois a información pública, durante un prazo mínimo de un (1) mes (art. 80.2 da LSG e 194.2 RLSG), mediante anuncio que se inserirá no "Diario Oficial de Galicia" e nun dos xornais de maior difusión da provincia, ademais de na sede electrónica do Concello, ao abeiro do disposto na lexislación de réxime xurídico do sector público e na de transparencia, acceso á información e bo goberno.

O RLSG, no seu art. 194.2, establece, que dita aprobación inicial será obxecto de notificación individualizada a todos os titulares catastrais dos terreos afectados, que poderán amosar a súa conformidade ao documento inicialmente aprobado ou



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 33 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

presentar as alegacións que estimen procedentes na defensa dos seus dereitos; De ser o caso, solicitaranse os informes sectoriais que resulten preceptivos.

VII.- Da Proposta da Delimitación do Ámbito de actuación conxunta e do Sistema de Xestión

Con data do 27.05.2019, os promotores achegan unha Addenda para a súa unión ao expediente de razón, adicada a proposta de delimitación do ámbito- Ámbito de actuación en solo urbano-, así como ao sistema de xestión, ao abeiro do previsto na Lei 2/2019, do 22 de abril, de Rehabilitación, rexeneración e renovación urbana (en diante LRRRU) en coherencia co marco xurídico estatal previsto no TRLS 7/2015.

Deste xeito, delimítase un ámbito de actuación no medio urbano, de conformidade coa precitada LRRRU, resultando un mecanismo áxil que permite garantir o cumprimento das obrigacións de edificación, conservación e rehabilitación dos inmobles, axustado á normativa básica estatal e completando a regulación da lexislación do solo de Galicia.

Pola súa banda, e no que atinxe ao sistema de xestión, materializarase no seu iter procedimental oportuno, conforme aos principios de proporcionalidade e eficiencia, e consonte ao establecido nos artigos 11,12 e 13 en relación co artigo 19.2 da nomeada LRRRU.

VIII.- Aprobación inicial

A aprobación inicial ten un carácter de trámite unanimemente recoñecido pola doutrina e xurisprudencia, se ben este é esencial en canto que inicia o procedemento e, amais, no sentido de que a súa omisión, ou incluso incorrecto cumprimento, provocan un vicio determinante da anulabilidade do procedemento (art. 48 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas). Asemade, este acto de aprobación inicial implica unha toma de posición, sequera de carácter inicial, respecto dunha determinada realidade urbanística e a súa normativa.

IX.- Órgano competente

O art. 127.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, na redacción conferida pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local atribúe á Xunta de Goberno Local a aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno, de tal xeito que a aprobación inicial dos Estudos de Detalle atribúese á Xunta de Goberno Local.

Atendendo ao exposto, e de conformidade co informe emitido pola arquitecta municipal xefa do servizo de Barrios históricos de data 03.06.2021, que se incorpora e lle serve de motivación a presente, consonte ao establecido no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, propónse á Xunta de Goberno Local, se o estima procedente e previo sometemento do asunto ao Consello da XMU, a adopción do seguinte ACORDO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 34 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

PRIMEIRO.- Prestar aprobación inicial ao Estudo de Detalle formulado, mediante iniciativa particular, por Don Isaac Álvarez García e outros, co obxecto de definir con precisión as aliñacións exteriores e interiores así como a reordenación de volumes edificables, (dous bloques) no ámbito da UA Hernán Cortés, acadando así os obxectivos do PEEC, instrumento urbanístico redactado polo arquitecto don José A. Comesaña García, de data marzo de 2021, e visado polo COAG con data do 18.03.2021, documento refundido inserido no Rexistro electrónico desta XMU con data do 28 de abril de 2021 (COD. W555281-2397) e no mesmo acto proceder a delimitación deste ámbito de actuación no medio urbano, de conformidade co previsto na Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana, dotando a administración dun mecanismo áxil, que permitirá garantir o cumprimento das obrigacións de edificación, conservación e rehabilitación dos inmobles, axustado á normativa básica estatal e completando a regulación da lexislación do solo de Galicia.

SEGUNDO.- Someter o instrumento inicialmente aprobado a información pública polo prazo de un (1) mes, mediante a inserción de senllos anuncios, por conta dos promotores, que se publicarán no Diario Oficial de Galicia, nun dos xornais de maior difusión da provincia, no Portal de Transparencia e na sede electrónica do Concello de Vigo, con notificación individualizada aos titulares catastrais dos terreos afectados. Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, solicitaranse das administracións públicas competentes os informes sectoriais e as consultas que resulten preceptivos.

TERCEIRO.- Remitir certificación do presente acordo xunto co instrumento urbanístico inicialmente aprobado, debidamente dilixenciado, á Subdirección General de Aeropuertos y Navegación Aérea, da Dirección General de Aviación Civil, toda vez que o presente Estudo de Detalle atópase abranguido no eido das servidumes aeronáuticas establecidas no Plan Director do Aeroporto de Vigo, para que procedan a emitir, de ser necesario, o informe previsto na Disposición Adicional 2ª do Real Decreto 2591/1998, do 4 de decembro, de Ordenación dos Aeroportos de Interese Xeral e a súa Zona de Servizo, en relación co artigo 29.2 do Decreto 584/1972, do 24 de febreiro, de servidumes aeronáuticas.

Non obstante, o presente informe proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá co seu superior criterio o que estime conveniente.”

II.- Deste xeito, e en cumprimento do acordado, someteuse o expediente, con toda a documentación integrante do mesmo, ao correspondente prazo de información pública, aberto polo prazo de un (1) mes, consonte a normativa de pertinente aplicación, mediante a publicación de anuncios nun dos xornais de maior circulación da provincia (Faro de Vigo) do 09 de xullo de 2021 así como no DOG núm. 145 do 30 de xullo de 2021; Asemade, o expediente completo con toda a documentación integrante do mesmo, estivo exposto no portal de transparencia , así como no taboleiro de anuncios da Sede electrónica- sede.vigo.org- dende o 06.07.2021 ata o 30.08.2021, e procedeuse a notificación individualizada a todos os titulares catastrais dos terreos afectados, tal e como consta acreditado no expediente de razón.

Pola súa banda, procedeuse aos efectos previstos na lexislación sectorial de aplicación e en cumprimento do disposto no acordo de aprobación inicial, a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 35 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

solicitud de informe sectorial, á Dirección General de Aviación Civil, así como a Dirección xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia; Deste xeito, en contestación a dito pedimento, foron emitidos os seguintes informes sectoriais, que se incorporan e forman parte do presente expediente:

- Informe da Dirección Xeral de Aviación Civil, de 16 de agosto de 2021, no que conclúe, informar favorablemente o presente Estudo de Detalle, no que a servidumes aeronáuticas se refire, e - Informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data do 24.07.2021, no eido das súas competencias sectoriais atribuídas.

III.- Con data do 12.10.2021, a xefa da oficina do Rexistro da XMU, emite dilixencia para facer constar que, o anuncio de "Aprobación inicial do Estudo de Detalle da U.A. Hernán Cortés (Exp 5264/401)", estivo exposto ao público, no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica - sede.vigo.org, dende o 06/07/2021 ao 30/08/2021.

En base a mesma con data do 19.10.2021 o Secretario da XMU expide certificación co visto e praxe da Vicepresidenta desta XMU na que fai constar que, durante o período de información pública do expediente núm. 5264/401, de "Estudo de Detalle da U.A. Hernán Cortés" aberto polo prazo de un (1) mes, mediante a publicación de anuncios nun dos xornais de maior difusión na provincia (Faro de Vigo, do 9 de xullo de 2021), no Diario Oficial de Galicia (núm. 145, do 30 de xullo de 2021), e na sede electrónica municipal, segundo consta na dilixencia asinada dixitalmente en data do 12 de outubro de 2021 pola Xefa da oficina do Rexistro da XMU, así como publicación de edicto no suplemento de notificacións do Boletín Oficial do Estado núm. 215, de data 8 de setembro de 2021, presentáronse os seguintes escritos de alegacións:

Data rexistro entrada	Cod.Sol.	Doc.	Interesado
20/08/2021	W592544-7140	210173977	María Luz Martínez Lorenzo
24/08/2021		210175391	Jose Manuel Clavo Iglesias
26/08/2021		210176852	Cristina Bastante Rodríguez, en representación dos herdeiros de don Manuel Bastante Macia
27/08/2021	W594801-4003	210177573	Posada Asociados Administraciones, S.L., en representación da comunidade de propietarios de Doctor Colmeiro Laforet, 5
29/08/2021	W595004-763	210177758	Daniel Uxío Reinoso Maset
29/08/2021	W595067-5026	210177797	María José Casal Díez

Rematado, en data do 30 de agosto de 2021, o período de información pública para o público en xeral, presentáronse os seguintes escritos de alegacións:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 36 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Data rexistro entrada	Cod.Sol.	Doc.	Interesado
02/09/2021		210180898	Germán Alonso Pérez, en representación de don Jose Manuel Clavo Iglesias
24/09/2021	W604690-6525	210194620	María Luz Lorenzo
04/10/2021		210200321 (expte. 187084/323)	Amalia Iglesias Feijóo

IV.- Neste estado de tramitación, con datas do 25.10.2021 (Cod.Sol.W615866-6210) e 21.12.2021 (Cod. Sol.: W637487-268) o arquitecto redactor, presenta documentación consistente en: informe as alegacións achegadas durante o período de exposición pública, e documentación refundida do presente Estudo de Detalle, de data novembro de 2021, asinada con firma dixital polo equipo redactor, que inclúe os seguintes documentos: Memoria Xustificativa-Obxecto, localización e ámbito de actuación, Situación urbanística, Estado Actual, Xustificación da proposta, Ordenación proposta, proposta de Xestión urbanística, incidencia sobre os predios colindantes, relación de fincas incluídas, cumprimento de informes sectoriais; Anexos; Planos de información; Planos serie proposta.

V.- Elevado o expediente con toda a documentación que o integra, á arquitecta xefa do servizo de planeamento e Xestión, con data do 21.12.2021 subscribe informe técnico, no que conclúe o carácter favorable á aprobación definitiva do presente Estudo de Detalle, e no que se inclúe asemade o estudo de todas ás alegacións achegadas no período de información pública, prestando conformidade ao informe suscrito polo arquitecto José Antonio Comesaña García, e o avogado Alfredo Cerezas Fernández asinado con firma dixital válida con data do 25.10.2021 e inserido no rexistro electrónico desta XMU con data do 25.10.2021 (Cod.Sol.W615866-6210), cuxo contido íntegro se reproduce a continuación:

INFORME

Documentación presentada coa data 21/12/2021 por Jose Antonio Comesaña Garcia para a Aprobación definitiva do Estudio de Detalle da Unidade de Actuación Hernán Cortes.

I- CONDICIONS URBANISTICAS

O planeamento vixente na actualidade no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, PXOU-93 nomeado " Expediente de Subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 a LASGA (Leí 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia), aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29.04.1993, coas súas modificacións puntuais, e cuxa aprobación definitiva foi publicada no DOG núm 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no BOP núm 133, o 14 de xullo de 1993, O vixente PXOU/93 clasifica o solo do ámbito da UA como solo urbano, incluído na delimitación da área remitida ao " Plan Especial de Edificios, Conxuntos e Elementos a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 37 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Conservar” con aprobación definitiva polo Pleno do Excmo Axuntamento de data 25 de Outubro de 1990.

O vixente Plan Especial e Catálogo Complementario de Edifícios, Conxuntos e Elementos a Conservar en Vigo (PEEC) contén entre as súas previsións once intervencións na cidade central, denominadas Unidades de Actuación.

O PEEC contén a ordenación detallada de todas as UA e establece os obxectivos a obter en cada unha de elas. O Anexo 3 fixa os criterios xerais e nas fichas de cada unidade se inclúen os obxectivos principais de cada unidade e a ordenación proposta.

Coa data 26/08/2021 se aprobo inicialmente a Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal que indica do art 37 da Normativa Urbanística: “No ámbito delimitado en planos de ordenación, e coa clasificación de solo urbano, desenvolverase o Plan Especial de Protección do Ensanche Histórico de Vigo”

“Este Plan Especial de Protección do Ensanche Histórico, substituirá no seu ámbito ao Plan Especial e Catálogo Complementario de Conxuntos e Elementos a Conservar (PEEC), aprobado en data 25 de outubro de 1990”.

“En tanto non se aprobe o presente Plan Especial, manterase a catalogación establecida no PEEC, en canto a elementos catalogados e determinacións de protección, sen prexuízo da súa adaptación ao establecido na LPG, así como a Comisión do Plan Especial que seguirá a desenvolver a súa función conforme a súa regulación específica”.

II- INTERES PUBLICO DA INTERVENCION

De acordo coa Memoria presentada:

-“La conveniencia de abordar a execución de la U.A Hernán Cortés resulta notoria. Se trata de un ámbito de la maior centralizade y cuxo estado actual contrasta negativamente con el contexto urbano no que se encontra, configurado, ademais de polas rúas Maria Berdiales e Hernán Cortés, pola próxima r/ Urzáiz que foi obxecto de recente reurbanización, a Avnda da Gran Via, neste momento na fase de transformación do seu bulevar central, o pola actuación, xa finalizada, de cambio de usos e nova edificación no solar do antigo Colexio Cluny”.

-“En consecuencia, concorren as circunstancias que xustifican as iniciativas públicas e privadas precisas para levar a cabo e rematar esta actuación no centro da cidade, alcanzando os obxectivos previstos no PEEC (Crear unha praza de uso público de 800m2, tapar medianeiras, mellora das vivendas, dotacións de aparcamento)”.

III- INICIATIVA DE PLANEAMENTO

O art 11.1.c) da LRRRUG, e segan o articulo 8.1 da TRLS, indican que a iniciativa para propoñer a ordenación das actuacións sobre o medio urbano, nos termos establecidos pola lexislación básica estatal (TRLs), pode corresponder as persoas físicas e xurídicas propietarias e titulares de dereitos reais.

Asímesmo no art 66 da LSG se indica que os plans de iniciativa particular, ademais



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 38 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

das determinacións establecidas neste título , deberán: “b) Acreditar, no caso de plans elaborados por iniciativa particular, a aceptación polos propietarios ou propietarias que representen mais do 50% da superficie do ámbito de planeamento”.

Ditos propietarios, que promoven o Estudio de Detalle, representan actualmente o 68,40 % da superficie do solo do ámbito sobre o total de propietarios particulares (e o 51,47% da superficie do solo do ámbito incluíndo a superficie ocupada polo viario municipal existente).

IV- CONVENIENCIA DA REDACCIÓN DUN ESTUDIO DE DETALLE- DOCUMENTACIÓN
 O obxecto do Expediente consiste nun Estudio de Detalle que desenrola a Unidade de Actuación Hernán Cortes do vixente Plan Especial e Catalogo Complementario de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar en Vigo, con obxecto de definir con precisión as aliñacións exteriores e interiores do ámbito así como a ordenación de volumes edificables para, tras a actuación de transformación urbanística, crear parcelas aptas para a edificación.

O art 79 da LSG (192 da RLSG) establece que en desenvolvemento dos Plans Xerais, plans parciais e plans especiais, poderán redactarse estudos de detalle cos seguintes obxectivos:

- a) Completar o reaxustar as aliñacións e as rasantes.
- b) Ordenar os volumes edificables.
- c) Concretar as condicións estéticas e de composición das edificacións complementarias de planeamento”.

Polo tanto o obxecto do presente Estudio de Detalle é acorde coas determinacións previstas na LSG para este tipo de instrumentos, desenvolve tanto O Plan Xeral de Ordenación Urbana como o PEEC a el, incorporado. Completando e reaxustando as aliñacións e rasantes e ordenando os volumes edificables.

O Estudio de Detalle contén a Documentación requirida no art 193 do RLSG no que se establece:

- a) Memoria xustificativa da conveniencia da súa redacción,e explicativa das solucións adoptadas e da súa adecuación ás previsións do plan que complementen, así como do cumprimento das esixencias legais e regulamentarias que lle sexan de aplicación.
- b) Planos de información da ordenación pormenorizada do ámbito afectado segundo o planeamento vixente.
- c) Planos de ordenación a escala adecuada e, como mínimo a 1/500, que expresen as determinacións que se completan modifican o reaxustan, con referencias precisas á nova ordenación e a súa relación coa anterior, e análise gráfica dos volumes ordenados, se é o caso, comprensivo do seu ámbito e do seu contorno.”

No cumprimento do citado art. O Estudio de Detalle contén a seguinte Documentación:

MEMORIA XUSTIFICATIVA incluíndo: Obxecto. Localización e ámbito de actuación. Situación urbanística. Estado actual. Xustificación da proposta. Ordenación proposta. Proposta de xestión urbanística. Incidencia sobre predios colindantes.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 39 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Relación de fincas incluídas. Cumprimento dos Informes sectoriais.

ANEXOS: Vixencia de planeamento. Reportaxe fotográfico. Fichas catastrais. Documentación titularidade de fincas. Declaración responsable.

PLANOS DE INFORMACIÓN: I-01 Situación segan PXOU93, I-02 Situación segun cartografía oficial. I-03 Ordenación segan Ficha do PEEC. I-04 Plano topográfico-Delimitación ámbito. I-05 Plano parcelario. I-06 Plano estado edificacións e usos existentes. I-07 Seccións e alzados actuais. I-08 Alzados contextualizados.

PLANOS DE PROPOSTA: P-01 Ordenación proposta. P-02 Aliñacións e rasantes. P-03 Alzados proposta. P-04 Seccións proposta. P-05 Alzados contextualizados. P-06 Imaxe final.

INFORME DAS ALEGACIÓNS RECIBIDAS

- A documentación se presenta en formato editable e non editable de acordo coas normas técnicas de presentación de documentos de planeamento urbanístico aprobadas pola Xunta de Galicia

V- ORDENACIÓN PROPOSTA _ CESIÓN

De acordo coa Memoria presentada, a ordenación proposta desenrola estritamente os obxectivos principais de ordenación establecidos na Ficha da U.A. Hernán Cortés:

- Ordenar a zona*
- Crear unha praza de cerca de 800m2 na confluencia das rúas Hernán Cortés e María Berdiales.*
- Conectar a praza coa rúa Simón Bolívar de forma peonil.*
- Tapar medianeiras existentes.*
- Proporcionar novas e mellores vivendas na zona.*
- Crear unha zona comercial e de aparcamentos baixo a praza cuxa cota será o encontro entre as rúas Hernán Cortés e María Berdiales.*

De acordo coa Memoria presentada: "Tratase da parcelación e ordenación dun moi reducido ámbito (1780,00 m2) que ten como fin establecer unha racionalidade urbanística no sentido de substituír, as na súa maior parte degradadas e baleiras, edificacións existentes (actuación edificadora) por dous bloques separados de oito alturas o que nin sequera supoñe un incremento substancial da edificabilidade existente. O obxectivo expreso do PEEC na U.A. segundo sinala a Ficha, é ordenar a zona (cidade central), xerar un uso residencial de novas e mellores vivendas (63) e crear, mediante obras complementarias de urbanización de escasa entidade, un espazo público de 780,00 m2 para a súa conexión peonil coa rúa Simón Bolívar, todo iso outorgará maior calidade urbanística o ámbito e a súa contorna mais inmediata".

A superficie do ámbito delimitado se reduce de 1780 m2 a 1760,65 m2 (aproximadamente un 2%), no relativo a superficie da praza, se plántea unha superficie de praza de uso público de 817,30m2, superior aos 800m2 da Ficha. En canto a edificabilidade tomando como base a superficie delimitada final (1760,65 m2) aplicando o coeficiente reducido (4,49438 m2 c/ m2 s) da como resultado unha edificabilidade sobre rasante de 7.913,03 m2 c, inferior o parámetro indicado na ficha (8000 m2 c).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 40 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

No se destinará edificabilidade lucrativa baixo a rasante da praza de uso público, o único uso previsto será o de garaxe aparcamento.

A Praza Pública estará formada por 435,62 m2 de superficie de dominio e uso público e 381,62 m2 de superficie de cesión de uso público de superficie.

No solo e subsolo de dominio e uso público non esta previsto ningún tipo de uso e edificabilidade.

Baixo a rasante das zonas de cesión de uso publico de superficie, o único uso previsto será o de garaxe- aparcamento.

Os dous sólidos proxectados se plantexan de modo que tapan as actuais medianeiras (ata as alturas máximas que permite o PEEC) que presentan os edificios colindantes co ámbito (Hernán Cortés e Dr Carlos Colmeiro Laforet 5 e o solido1; e Dr Carlos Colmeiro Laforet 8 e o solido2).

A ordenación evita a formación de novas medianeiras rebaixando a 1 altura a zona de contacto do sólido 1 co edificio Dr Carlos Colmeiro Laforet 5 (das 8 máximas admisibles) ; e a 5 alturas a zona de contacto do sólido 2 co edificio Dr Carlos Colmeiro Laforet 8 (das 8 máximas admisibles).

Entre o sólido 2 e o edificio colindante no fronte de Dr Carlos Colmeiro Laforet hai tres alturas no fronte a rúa. Se plantexa, pois, o tapado de dita medianeira segan o criterio estrito de dita ordenanza, sen que dito reaxuste supoña en ningún caso aumento da edificabilidade do ámbito según os parámetros da ficha.

De acordo coa Memoria do Estudio de Detalle presentada: "Por todo o exposto, co Estudio de Detalle proposto, a incidencia sobre os predios colindantes se considera positiva pois respecta as luces e ocos existentes nos actuais inmobles colindantes, cubrindo as medianeiras vistas existentes co que se mellora a imaxe urbana"

VI_ALEGACIONES

Durante o periodo de información pública do expediente núm 5264/401, do "Estudo de Detalle da U.A. Hernán Cortés" aberto polo prazo de un (1) mes, mediante a publicación de anuncios nun dos xornais de maior difusión na provincia (Faro de Vigo, do 9 de xullo de 2021, no Diario Oficial de Galicia (num 145, do 30 de xullo de 2021) e na sede electrónica municipal, presentáronse os seguintes escritos de alegacións:

1- Maria Luz Martinez Lorenzo NºDOC- 21017377.

2- José Manuel Clavo Iglesias NºDOC- 210175391

3- Cristina Bastante Rodriguez, en representación dos herdeiros de don Manuel Bastante Macia Nº DOC-210176852

4- Posada Asociados Administraciones S.L., en representación da comunidade de propietarios de Doctor Colmeiro Laforet, 5 Nº DOC- 210177573.

5- Daniel Uxio Reinoso Maset Nº DOC- 210177758.

6- Maria José Casal Diez- Nº DOC- 210177797

Rematado, en data do 30 de agosto de 2021, o período de información pública para o público en xeral, presentáronse os seguintes escritos de alegacións:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 41 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 7- Germán Alonso Perez, en representación de don José Manuel Clavo Iglesias. Nº DOC- 210180898.
- 8- María Luz Lorenzo. Nº DOC- 210194620
- 9- Amalia Iglesias Feijoo. Nº DOC- 210200321

RESUMEN DA CONTESTACIÓN DO EQUIPO REDACTOR AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS

1- ALEGACIONES DE Dª MARIA LUZ MARTINEZ LORENZO
Se formulan en tres escritos de alegacións

a- escrito de 19 de agosto de 2021

*- “Declara que debe estenderse a notificación a todos os copropietarios do Edificio Hernán Cortés 12, a fin de que podan elixir o que a seu dereito conveña”.
 A notificación individualizada debe realizarse os propietarios que consten no catastro e aos que figuren no Rexistro de propiedade, sendo o resto dos interesados notificados a través dos anuncios nos diarios oficiais e prensa.*

- “A inclusión do inmovible sinalado no Estudio de Detalle a deixaría sen seu vivenda habitual e os custes que a súa cota de participación no inmovible conlevaría respecto do E.D., le deixarían na mais absoluta indixencia”

A inclusión do inmovible de Hernán Cortes Nº 12 non a establece o ED, sino o PEEC de 1991, que o inclúe na delimitación da U.A. Hernán Cortés. En consecuencia, o ED non e un instrumento legalmente habilitado para excluílo.

- “a Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana de Galicia, choca coa resolución ditada, púes pon especial incidencia na rehabilitación de edificios”

A Lei 1/2019 non solo se refire a rehabilitación de edificios, sino a rexeneración e renovación urbana, como e o caso.

- “Se suprimen 1.200m2 de comercio,os deixa en 500m2”

Sendo o uso comercial previsto nos baixos dos dúos edificios previstos no ED, coincidentes co indicado na Ficha da UA e ascende a 943,35 m2.

- “Se elimina unha das arterias que alivian e dan saída o tráfico o trafico de vehículos no centro da cidade, convertendo a confluencia da rúa de Simón Bolivar coa rúa Colmeiro Laforet nun fondo de saco”

A ficha da UA non prevé de forma expresa ningunha superficie para viario, sino unha praza que require ordenación e deseño das rasantes do espazo público, tal e como se propón no ED da UA Hernán Cortes.

- “Conculca o art 22.5 da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación de rexeneración e renovación urbana de Galicia”.

A Memoria foi sometida a información pública como documento integrante do expediente de delimitación do ámbito de actuación conxunta, polo que se cumprimento as esixencias das Normas citadas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 42 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- *“Non existe no documento ningunha alusión o presuposto económico nin indemnizador”*

As taxacións e valoracións a efectos indemnizadores deben efectuarse na fase de xestión, non sendo este o cometido do ED ni do acordo do ámbito de actuación conxunta.

- *“Se quebra o principio de equidistribución equitativa de cargas tratando de maneira igualitaria a inmobles diferentes”*

A Memoria da delimitación prevé un reparto proporcional a superficie de cada unha das parcelas, as cales forman parte dun ámbito urbano homoxéneo, tanto desde o punto de vista urbanístico como catastral.

- *“Non hai previsións para as vivendas habituais dos afectados”*

A Memoria do Documento de delimitación do ámbito de actuación conxunta no medio rural xa prevé que o proxecto de reparcelación garantirá o dereito de realoxo dos ocupantes legais de vivendas que constituían a súa residencia habitual, así como, no seu caso o retorno de aqueles casos que o mesmo proceda nos termos establecidos na lexislación vixente.

- *“Se vulnera o principio de seguridade xurídica polas deficiencias do ED”*

O ED non é un instrumento de xestión sino de planeamento.

- *“Os planos contidos no ED son meros borradores”*

A terminoloxía “ BORRADOR ” contido nos planos do ED sigue o criterio establecido polas “Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia”

- *“O Plano topográfico non esta actualizado e se realizou sen rigor”*

O Plano I-04 (topográfico) e o plano base para a realización da totalidade da documentación gráfica do ED e a súa base cartográfica é a obtida do servizo municipal de cartografía na súa versión mas recente e actualizada.

- *“Falta de acreditación de ISAAC Alvarez Garcia para a actuación proposta”*

A representación coa que actúa D. Isaac Alvarez Garcia está debidamente acreditada no expediente mediante a documentación aportada ao efecto.

- *“O ED reduce a superficie destinada actualmente a viais”*

A ordenación do ámbito non a establece o ED, sino o PEEC. O PEEC non solo non reduce a superficie destinada a espazo de uso público sino que se aumenta a mesma pasando de 435,62 m2 a 817,30 m2.

- *“Se pretende introducir unha parcela de 40,24 m2 que pertence a U.A. Simón Bolivar”*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 43 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A parcela a que fai referencia o alegante e unha parcela municipal que se inclúe na delimitación púes así figura na delimitación do ámbito incluída na ficha da UA.

- "Se plántease un incremento de edificabilidade e de aproveitamento urbanístico"

A superficie do ámbito delimitado pasa de 1.780 m² a 1.760,65 m². Así mesmo a edificabilidade se reduce de 8000m² a 7.913,03 m².

- "Uso privado a nivel de subsolo, nos bens que son de dominio público"

O ED non prevé o uso privado no subsolo dos bens de dominio público.

- "O Estudio de Detalle carece do Informe do órgano competente da Xunta de Galicia na materia de patrimonio cultural".

Informe favorable de data 29/10/2021

- "A disposición transitoria primeira da LSG non habilita a realizar un ED en base o PXOU do ano 1993 e o PEEC aprobado no ano 1990"

O réxime de aplicación previsto na DT 1ª da Leí 2/2016 aos municipios co planeamento non adaptado a Lei 2/2002 sinala que conservarán a súa vixencia ata a revisión o adaptación da mesma no solo urbano.

- "O ámbito esta no solo urbano e se pretende unha actuación contradictoria co novo PXOM"

O PXOM aprobado inicialmente polo Pleno do Concello de Vigo o 26/08/2021 incorpora a delimitación do PEEC polo que non hai contradición algunha entre o ED e o citado planeamento.

- "Carece de sentido que os inmobles que dan a Maria Berdiales se inclúan no ámbito da UA"

A inclusión dos inmobles da UA Hernán Cortés non e unha decisión do ED, sino do PEEC vixente e se xustifica na Ficha pola necesidade de conseguir determinados obxectivos

Polo tanto se propón desestimar a alegación

b- Escrito do 20 de agosto de 2021

- Oponse o ED a Delimitación do ámbito de actuación da UA porque han transcorrido 30 anos desde a aprobación do PEEC, o Concello nunca tivo interese no desenrolo da UA e se esta tramitando un novo PXOM"

O PXOM aprobado inicialmente asume o actual PEEC non establecendo variación algunha de criterio no referente o ámbito de actuación.

- "Manifesta que a superficie do soar é incorrecta púes son 81 m² e non 79,25 m²"
A diferenza entre ambas medicións ten a súa razón de ser no diferente espazo obxecto de medición.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 44 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- *“Os anos de antigüidade das edificacións están mal porque non reflexa a realidade”*

As fechas de antigüidade consignadas en todas e cada unha das parcelas incluídas no ámbito foron obtidas das consultas catastrais realizadas.

- *“Non esta en absoluto obsoleto respecto o entorno”*

Con independencia de reiterar a situación de “ fora de ordenación” da edificación obxecto da alegación, as edificacións veciñas que aporta a efectos de establecer a no obsolescencia da edificación solo teñen en común coa citada os materias de cerramento.

- *“Es contradictorio que un Plan Especial de Edificios a conservar sirva para derribar edificios”*

O ED non e un instrumento que poda modificar determinacións do planeamento de superior xerarquía (PEEC) que dispuxo para este ámbito unha operación de renovación urbana.

- *“Se opoñen a aprobación do ED por ser ilegal e non axustado a dereito xa que a equidistribución de cargas e beneficios deberíase facer mediante unha Xunta de Compensación”*

O ED e un instrumento de planeamento e non de xestión. Será o instrumento de equidistribución que se tramite o que debería garantir os dereitos dos propietarios do ámbito.

- *“Hai moitos anexos que non se han sometido a información pública. En concreto, os relativos a titularidade das fincas”*

No expediente municipal constaba toda a Información a que se refire o alegante.

- *“Non están expostos os títulos de propiedade que xustifiquen contar con mais do 50% do ámbito”*

Como Anexos a Memoria de Delimitación do ámbito de actuación conxunta se aportaron títulos de propiedade e a Información catastral

- *“Non esta xustificada a existencia de 432 m2 de viario municipal xa que no inventario solo aparecen 112,65m2”*

A discrepancia entre os datos que aparecen no inventario municipal e a realidade obedece a que no Inventario Municipal, na maioría dos casos non aparecen os solos que son indubidablemente viario público sino solo aquelas parcelas que están fora das aliñacións.

- *“Non existe plano topográfico do ED”*

Figura como plano I-04 Topográfico na serie de planos de Información que está incluída dentro da documentación gráfica do ED.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 45 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- *“Debe levarse a cabo unha modificación do PEEC para facer a redelimitación do ámbito xa que a U.A Hernán Cortes forma parte da UA Simón Bolívar porque o PEEC sinala nesta UA que “ se independizarán do E.D. as fincas que agora se inclúen na U.A. Núñez e Hernán Cortés”.*

O ED da UA Hernán Cortés actúa sobre o ámbito delimitado polo PEEC, polo que non e precisa modificación algunha do PEEC

- *“Manifesta que a Praza pública que se va a crear non aparece no PEEC polo que o ED é ilegal ao establecer novas aliñacións”*

A ordenación de volumes e a praza pública figuran de forma clara e expresa na ficha da U.A. Hernán cortes incluída no PEEC.

- *“Non se axusta a dereito O Informe do secretario que se alega no acordo e na memoria do ED para xustificar a clasificación do solo”*

Contradición das teses da propietaria alegante, despois de haber alegado o día anterior que non se debía descategorizar o solo porque considera que é urbano consolidado, ven a dicir que non se axusta a dereito que se considere o solo como urbano consolidado.

- *“Non se pode utilizar un ED como medio para tapar as alturas establecidas por un planeamento superior”*

O mandato de tapado de medianeiras se contén expresamente no PEEC, que ordena con toda loxica de composición e estética urbana tapar as “ medianeiras existentes” e iso e o que fai o ED.

- *“Non existe Informe de Tráfico”*

Non e cometido do ED resolver eventuais cuestións de tráfico. A ordenación que o ED desenrola se axusta as determinacións do PEEC.

- *“O ED infrinxe o art 79 da LSG porque cambia os usos comerciais polo uso de aparcamento baixo subsolo e o ED non ten competencias para dita modificación.*

O ED propón para o subsolo da praza de uso público o uso de aparcamento que e un dos previstos no PEEC, deste modo redúcese a edificabilidade computable prevista na Ficha da U.A. Hernán Cortés.

Polo tanto non procede aceptar as alegacións formuladas.

c) Escrito do 23 de setembro de 2021

- *“Se formulan alegacións na relación co convenio presentado polos promotores a efectos de xestión, sobre a acreditación de dispoñer do 50% do ámbito para levar a presentación do ED”*

Debe indicarse que a iniciativa esta promovida por propietarios que superan amplamente o 50%, tal e como consta no expediente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 46 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- *“Se formulan alegacións sobre a valoración dos inmobles, e sobre o ámbito de xestión, anque parece referirse a o sistema de xestión”*

En canto a valoración dos inmobles, e preciso indicar que a mesma se incorpora a modo de avance cumprimentando o disposto no apartado c) do art. 12.4 da Lei 1/2019 de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, debendo ser no futuro instrumento de equidistribución onde se concreten ditas valoracións.

Polo tanto non procede aceptar as alegacións formuladas.

2-7- ALEGACIONES DE D. JOSE MANUEL CALVO IGLESIAS

Se formulan dous escritos, un de 23 de agosto de 2021 e outro de 2 de setembro de 2021. O primeiro se limita a solicitar documentación.

- *“Manifesta ser propietario do piso 1º da rúa Hernán Cortés, 16 e que se había aceptado o ED cunha empresa diferente da que agora a promove”*

A alegación non trata sobre cuestións relativas o contido do ED sino a cuestións de supostos acordos o compromisos ante particulares.

- *Ignora como se verá afectado pola aprobación inicial da Revisión do PXOM de Vigo, xa que non figura na relación de convenios nin Areas de Planeamento remitido”*

A tramitación da revisión do PXOM de Vigo(Aprobación inicial (AI) coa data 26/08/2021) non afecta a tramitación do presente ED por canto, como se indica no “ Resumen ejecutivo” do Documento de A.I no solo urbano poderá seguir sendo tramitado sempre que se cumpran simultaneamente as condicións do planeamento vixente e as da revisión aprobada inicialmente.

Se propón a desestimación da alegación

3- ALEGACION DE DNA CRISTINA BASTANTE RODRIGUEZ

- *“Comparece como representante dos herdeiros de D. Manuel Bastante Macia e solicita que se notifique a cada un deles individualmente e outorgue un novo prazo para alegacións e comunica arrendamentos no inmovible.”*

Constando que ha recibido a notificación e ten coñecemento do expediente tramitado, debe entenderse que dita comunidade de herdeiros encontrase debidamente notificada.

Se propón a desestimación da alegación.

4- ALEGACION DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DE DOCTOR COLMEIRO LAFORET 5

- *“Solicita que a aliñación interior do retranqueo para o sólido 1, lindante co edificio, se poda inscribir patio de 6,92 m de diámetro de conformidade co Código Técnico e*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 47 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a Lei de Habitabilidade de Galicia”

Será no proceso de tramitación da correspondente licenza de obras sobre o sólido 1 donde se tenga que xustificar o cumprimento dos parámetros do patio aberto a fachada que establecen as Normas de Habitabilidade de vivendas (NHV-2010)

Se propón a desestimación da alegacións

5- ALEGACION DE D. UXIO REINOSO MASET

“Solicita que na praza que xenerará a execución do ED se sitúe unha cabina para aparcamento de bicicletas cuberto”

Tratase dunha acción propia da definición en proxecto de obras dos elementos de mobiliario urbano a implantar na praza, polo que será nese momento no que se poda considerar a proposta.

Se propón desestimar a alegacións

6- ALEGACION DE D^a MARIA JOSE CASAL DIEZ

- “Alega como propietaria del piso 1º dereita de R/ Hernán Cortés, 16, sobre a dificultar de costear a execución da actuación e que se considere a súa situación económica, dado que reside nun piso de alquiler con seus dous fillos”.

Como copropietaria de R/ Hernán Cortés 16, materializara a edificabilidade que lle corresponde nun dos soares do ámbito, polo que dispóndela deste patrimonio para atender os custes de execución que proporcionalmente le correspondan, os cales serán, en todo caso, moi inferiores o valor de mercado da súa propiedade.

Se propón desestimar a alegación

9- ALEGACION DE D^a AMALIA IGLESIAS FEIJOO

- “Propón que a Praza sexa semipeonil, evitando que se converta nunha zona de botellón, permitindo unha boa coexistencia dos veciños”.

A decisión de si o uso da praza debe ser semipeonil non compete o Estudio de Detalle. Non obstante, estas cuestións poderán ser consideradas nas medidas de trafico que no seu día adopte o Concello sobre os novos espazos de uso público.

Se propón desestimar a alegación

VII- INFORMES SECTORIAIS

Durante o tramite de exposición pública do Expediente se presentaron os seguintes Informes sectoriais:

- Ministerio de Transportes, Movilidad y agenda urbana*
- Consellería de Cultura, Educación e Universidade.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 48 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1- Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda urbana

Establece como conclusión:

“En consecuencia con todo lo anteriormente expuesto, este Centro Directivo informa favorablemente el “Estudio de Detalle Unidad de Actuación Hernán Cortes (PEEC-Vigo)”, en el término municipal de Vigo (Pontevedra), en lo que a servidumbres aeronáuticas se refiere, siempre y cuando las construcciones propuestas u objetos fijos (postes, antenas, carteles, etc) no vulneren las servidumbres aeronáuticas.

4- Normativa sobre Autorizaciones en materia de Servidumbres Aeronauticas

Con independencia de lo indicado en el presente Informe respecto al planeamiento urbanístico, se recuerda que, al encontrarse la totalidad del ámbito de estudio incluida en las zonas y espacios afectados por servidumbres aeronáuticas, la ejecución de cualquier construcción, instalación (postes, antenas, aerogeneradores-incluidas las palas- medios necesarios para la construcción (incluidas las gruas de construcción y simitares))o plantación, requirirá acuerdo favorable previo de la Agencia Estatal de Seguridad Aérea (AESA), conforme a los artículos 30 y 31 del Decreto 584/1972 en su actual redacción, circunstancia que debe recogerse en el documento de planeamiento”.

A fin de dar cumprimento o informe do MITMA, no Documento definitivo se sinala expresamente que, dentro do ámbito do presente Estudio de Detalle, a solicitude de execución de calquera proxecto construtivo de edificación, incluídos os medios materiais necesarios para a construción (grúas de construción e similares) así como a instalación de postes antenas, etc. Requirirá acordo favorable previo da Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA). Conforme os art. 30 e 31 do Decreto 584/1972 na súa actual redacción, para o cal será necesaria a tramitación da correspondente solicitude ante AESA

2- Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

No seu informe establece como conclusións:

“En consecuencia e por todo o antedito a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do ámbito das súas competencias emite, respecto ao documento “Estudo de detalle Unidade de actuación Hernán Cortés (PEEC-Vigo). Documento para aprobación inicial, un Informe favorable”

VIII_ TRAMITACION

De acordo co Art 80 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, o Estudio de Detalle é formulado polos particulares lexitimados para facelo, e a súa tramitación esta contida no dito art.

c- Documento para aprobación definitiva.

De acordo co art 194.2 do RLSG: “Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobaraos definitivamente, coas modificacións que resulten pertinentes”(artigo 80.2 da LSG). Asimesmo no dito art. Se indica: “Os prazos para a súa aprobación definitiva será os establecidos no artigo 76 da Lei 2/2016, do 10



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 49 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de febreiro, e artigo 187 deste regulamento” (artigo 80.2 da LSG)”

FUNDAMENTOS LEGAIS OU VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa examinada

- Rdlex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana (TRLSRU),
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG),
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (RLSG), e a súas modificacións
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental,
- Lei 1/2019, do 22 de abril, de Rehabilitación, rexeneración e renovación urbana de Galicia,
- PXOU93, Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG núm 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P 133, o 14 de xullo de 1993,
- Plan Especial de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar, (PEEC) aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo con data 25 de Outubro de 1990,
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),
- O resto de disposicións que poidan afectar,

II. Previsións do Planeamento de aplicación

O planeamento vixente na actualidade no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, PXOU-93 nomeado “ Expediente de Subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 a LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia), aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29.04.1993, coas súas modificacións puntuais, e cuxa aprobación definitiva foi publicada no DOG núm. 87 o 10.05.1993 e a súa normativa foi publicada no BOP núm 133, do 14 de xullo de 1993.

O vixente PXOU/93 clasifica o solo do ámbito da UA Hernán Cortés como solo urbano, incluído na delimitación da área remitida ao “Plan Especial de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar”, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo con data 25 de Outubro de 1990.

Cómpre indicar que de conformidade co previsto na Disposición Transitoria primeira da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, configúrase como unha actuación asistemática en solo urbano consolidado.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 50 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O vixente Plan Especial e Catálogo Complementario de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar en Vigo (PEEC) contén entre as súas previsións dita intervención, nomeada UA Hernán Cortes, emprazada na cidade central, fixando o Anexo 3 e a súa correspondente ficha os obxectivos xerais a obter e a ordenación proposta.

III. Os Estudos de Detalle na LSG e no RLSG

Tanto a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante LSG),- artigos 79 e 80,- e en similares termos o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do solo de Galicia, nos seus artigos 192 e seguintes-, regulan, entre os instrumentos de planeamento urbanístico, os estudos de detalle, que se poden redactar, en desenvolvemento dos plans xerais, parciais e especiais, coa finalidade, exclusivamente, de completar ou reaxustar as aliñacións e as rasantes, ordenar os volumes edificables, así coma concretar as condicións estéticas e de composición da edificación complementarias do planeamento, mantendo as súas determinacións.

Estes instrumentos de planeamento en ningún caso poderán alterar o destino urbanístico do solo, incrementar o aproveitamento urbanístico, reducir as superficies destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas, prever a apertura de vías de uso público que non estean previamente recollidas no plan que desenvolvan ou completen, aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso, parcelar o solo, descoñecer ou infrinxir as demais limitacións que lles impoña o correspondente plan nin establecer novos usos e ordenanzas.

En definitiva, os Estudos de Detalle veñen limitados, pola imposibilidade de modificar as determinacións fundamentais do Plan xeral, incluídas a altura e o número de plantas construíbles, a redución de espazos destinados a viais, a redución do volume e altura edificables, a modificación dos coeficientes de edificabilidade e distancias ás extremas nin tampouco alterar o aproveitamento establecido polo Plan xeral.

IV. Ámbito, obxecto e alcance do Estudo de Detalle

O Estudo de Detalle que nos ocupa ten por obxecto desenvolver a UA Hernán Cortés do vixente PEEC do Concello de Vigo, definindo con precisión as aliñacións exteriores e interiores do ámbito así como a ordenación de volumes edificables.

En concreto, desenvolve estritamente os obxectivos principais de ordenación que establece a Ficha da U.A Hernán Cortés, do xeito e co resultado que se indica na Memoria presentada, e así o reflicte a arquitecta xefa de barrios históricos no seu informe do 21.12.2021, reproducido integramente nas alíneas precedentes.

O Ámbito e Obxecto do presente instrumento, se recolle polo miúdo na Memoria xustificativa, do documento refundido presentado aos efectos da súa aprobación definitiva, correspondéndose co definido como Unidade de actuación Hernán Cortés no PEEC 1991 de Vigo, acadando unha superficie de 1.760, 65 m² segundo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 51 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

recente medición, delimitado polo norte, pola rúa María Berdiales, na fronte dos edificios nº 26,28, e 30; polo Sur, a edificación nº 26 da rúa Hernán Cortés; polo Este, pola rúa Hernán Cortés, na fronte dos edificios nº 12, 14, 16, 18, 20, 22 e 24 desta; e polo Oeste, as edificacións que dan fronte a rúa Doctor Carlos Colmeiro Laforet 5 e 8.

A delimitación proposta, se reflicte no apartado 6 da nomeada Memoria xustificativa, recollendo o seu apartado 6.4 o Cadro Resume de ordenación:

	UA HERNÁN CORTÉS PEEC	PROPUESTA ESTUDIO DE DETALLE
SUPERFICIE	1.780 m2s	1.760,65 m2s
EDIFICABILIDAD EN SUPERFICIE		
Zona Edificable	1.000 m2s	943,35 m2s
Edificabilidad media	4,5 m2c/m2s	4,493 m2c/m2s
Edificabilidad total	8.000 m2c	7.913,03 m2c
EDIFICABILIDAD EN SOTANOS BAJO PLAZA DE USO PÚBLICO		
Zona Comercial	500 m2c	-
Zona aparcamiento	390 m2c	-
Edificabilidad media	0,5 m2c/m2s	-
ALTURAS MÁXIMAS	8 plantas	8, 5 y 1 Plantas (según zonas)
Nº MÁXIMO DE VIVIENDAS	63	63



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 18/05/2022 13:59

Páxina 52 de 80

Expediente/Documento 3359-1101

CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

PLAZA PUBLICA	780 m2s	817,30 m2s



A teor do exposto, o presente Estudo de Detalle cumpre co establecido no artigo 79 da LSG, así como nos artigos 192 e 193 do RLSG.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 53 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

V. Da Proposta da Delimitación do Ámbito de actuación conxunta e do Sistema de Xestión

Con data do 27.05.2019, os promotores achegan unha Addenda para a súa unión ao expediente de razón, adicada a proposta de delimitación do ámbito- Ámbito de actuación en solo urbano-, así como ao sistema de xestión, ao abeiro do previsto na Lei 2/2019, do 22 de abril, de Rehabilitación, rexeneración e renovación urbana (en diante LRRRU) en coherencia co marco xurídico estatal previsto no TRLS 7/2015.

Asemade, e de conformidade co previsto no artigo 12.4 da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana (LRRRUG), se presenta para a súa aprobación, conxuntamente co presente Estudo de detalle, a Delimitación do Ámbito de Actuación conxunta no medio urbano, que se materializará nun documento, axustado ao previsto no apartado 7 da Memoria xustificativa, o cal, e cuxa delimitación e xestión, de conformidade co previsto no artigo 13 da LRRRUG, levarase a cabo mediante o sistema de reparcelación, e subsecuentemente se iniciará o procedemento de equidistribución de beneficios e cargas das parcelas afectadas, que implicará a declaración de utilidade pública, ou no seu caso, interese social aos efectos da aplicación do réxime de expropiación dos bens e dereitos necesarios para a súa execución, de ser o caso; A tales efectos procedese a través da presente, ao inicio do expediente de reparcelación, e aos seus posteriores trámites de información pública no BOP, nun dos diarios de maior circulación da provincia e notificación individualizada aos titulares catastrais afectados.

VI. Documentación do Estudo de Detalle

O Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, adica os artigos 192, 193 e 194 a regular os Estudos de Detalle.

De forma taxativa o artigo 192, establece os documentos que deberán conter os Estudos de Detalle, do seguinte xeito:

- Memoria xustificativa da conveniencia da súa redacción e explicativa das solucións adoptadas e da súa adecuación ás previsións do plan que complementen, así como do cumprimento das exixencias legais e regulamentarias que lles sexan de aplicación.
- Cando se modifique a disposición de volumes efectuarase un estudo comparativo da superficie edificable resultante por aplicación das determinacións previstas no plan e das que se obteñen no estudo de detalle, xustificando o cumprimento do disposto no punto 2 do artigo anterior deste regulamento.
- Planos de información da ordenación pormenorizada do ámbito afectado segundo o planeamento vixente.
- Planos a escala adecuada e, como mínimo, 1:500, que expresen as determinacións que se completan, modifican ou reaxustan, con referencias precisas á nova ordenación e á súa relación coa anterior e análise gráfica dos volumes ordenados, se é o caso, comprensivo do seu ámbito e do seu contorno.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 54 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Revisada a documentación achegada, e tal e como indica os informe técnicos incorporados ao expediente de 03.06.2021 e do 21.12.2021, a mesma cumpre cos requisitos documentais relacionados no parágrafo anterior e conta cunha copia do seu contido, en soporte dixital, incorporada ao procedemento. Asemade, observa as limitacións anteriormente referidas, que pautan o alcance dos estudos de detalle.

VII. Formulación e aprobación dos Estudos de Detalle

Os estudos de detalle poderán ser formulados polos Concellos, pola administración autonómica, por outros órganos competentes no eido urbanístico e polos particulares lexitimados para facelo (art. 80.1 LSG e 194.1 RLSG); Neste suposto os particulares que o formulan representan mais do 50 % da propiedade do eido, tal e como manifestan na Memoria xustificativa e documentación xustificativa xuntada á mesma, e de cuxa veracidade responden.

Deste xeito, procedeuse, tal e como se ten indicado, a aprobación inicial polo órgano municipal competente e sometido a información pública, con notificación individualizada a todos os titulares catastrais dos terreos afectados, así como á solicitude dos preceptivos informes sectoriais, do xeito e co resultado que se indicou no relato de feitos.

VIII. Órgano competente

Resulta competente para a adopción do presente acordo o Pleno do Concello de Vigo, de conformidade co previsto no artigo 123.1.i) da LRBRL, previo ditame do Consello da XMU (artigos 3º.1 e 10º.1.a) dos Estatutos da XMU (AD versión consolidada aprobada polo Pleno o día 06.09.2010 -BOP nº.193, do 06.10.2010) na súa condición de comisión informativa do Pleno (artigos 122.4.a) LRBRL e 47 e ss. ROP).

Polo anteriormente exposto, emitidos os informes sectoriais pertinentes, e de conformidade co informe técnico emitido pola arquitecta municipal xefa do servizo de Barrios históricos de data 21.12.2021, que se incorpora e lle serve de motivación a presente, consonte ao establecido no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e sen prexuízo do que corresponda informar polo Secretario da XMU- Secretario xeral do Pleno e polo Interventor municipal, propónse ao Pleno do Concello de Vigo, a adopción do seguinte...”

Deseguido os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 25 de xaneiro ditamina favorablemente dita proposta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 55 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Con data 4 de febreiro o Secretario da Xerencia municipal de Urbanismo emite informe xurídico.

O Interventor xeral con data 17 de febreiro emite o correspondente informe de fiscalización.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

Incidencia.- Atópanse ausentes no momento da votación a concelleira Sra. Rodriguez Calviño e o concelleiro Sr. Gomez Díaz.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, mais os membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, e tres abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO.-

PRIMEIRO.- Desestimar as alegación achegadas no preceptivo período de información pública, nos termos sinalados no informe achegado polo equipo redactor con data do 25.10.2021 (Cod.Sol. W615866-6210), cuxo contido e proposta de desestimación das mesmas, e ratificado no informe técnico emitido pola arquitecta xefa de barrios históricos con data do 21.12.2021.

SEGUNDO.- Prestar aprobación definitiva ao documento nomeado “Estudo de Detalle na UA Hernán Cortés”, promovido, mediante iniciativa particular, por Don Isaac Álvarez García e outros, co obxecto de definir con precisión as aliñacións exteriores e interiores así como a reordenación de volumes edificables, (dous bloques) no ámbito da UA Hernán Cortés, acadando así os obxectivos do PEEC, instrumento urbanístico redactado con data novembro de 2021 polo arquitecto don José A. Comesaña García, para a súa aprobación definitiva, adaptado as NNTT de Planeamento de Galicia, inserido no rexistro electrónico da XMU con data do 21.12.2021 (COD.SOL.: W637487-268).

TERCEIRO.- Acordar, no ámbito do Estudo de Detalle, e o amparo da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana, a delimitación do ámbito de actuación conxunta no medio urbano e o inicio do procedemento de equidistribución de beneficios e cargas das parcelas afectadas e a declaración de utilidade pública, ou no seu caso, o interese social aos efectos da aplicación do réxime de expropiación dos bens e dereitos necesarios para a súa execución, de ser o caso.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 56 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CUARTO.- De conformidade co previsto no artigo 13 da LRRUG a xestión urbanística do ámbito realizarase mediante o sistema de reparcelación.

QUINTO.- Acordar o inicio do expediente de reparcelación procedéndose a súa preceptiva información pública no BOP, nun dos diarios de maior circulación da provincia e notificación individualizada aos titulares catastrais afectados, de conformidade coa normativa de pertinente aplicación.

SEXTO.- Proceder a realización dos trámites administrativos recollidos nos artigos 82 e 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e concordantes do seu Regulamento de desenvolvemento, para procurar a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Estudo de Detalle aprobado; Remitindo certificación do presente acordo aos promotores,-facéndolles constar expresamente que na correspondente fase de urbanización dos espazos libres de edificación, se garantirá en todo caso o acceso rodado de vehículos, a través da praza de nova apertura-, así como a todos os interesados no presente procedemento, e publicar o acordo de aprobación definitiva, no prazo dun mes dende a súa adopción, no Diario Oficial de Galicia;

Pola súa banda, se procederá a comunicar dito acordo, a Consellería competente en materia de urbanismo, á que se lle dará traslado dun exemplar e soporte dixital, debidamente dilixenciado, para a súa inscrición no Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Estudo de detalle, quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e a sinalado no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en relación co artigo 65.4 do mesmo corpo legal.

SÉTIMO.- O contido íntegro do estudo de detalle definitivamente aprobado estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal#/ e no portal de transparencia.

OITAVO.- Perante o presente acordo, con carácter de disposición administrativa de carácter xeral, poderase interpor directamente recurso contencioso-administrativo, perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 84.1 da Lei do solo de Galicia e artigo 201.1 do seu Regulamento) nun prazo de dous meses, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación do presente acordo, de conformidade co previsto no artigo 46 de la Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a dereito.

Non obstante, o presente informe proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá co seu superior criterio o que estime conveniente.”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 57 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Incidencia. Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

Incidencia. Auséntase do Salón de Plenos a primeira tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego.

7.(29). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A INCREMENTAR OS ORZAMENTOS AUTONÓMICOS PARA AS INFRAESTRUTURAS E OS AXENTES CULTURAI DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. PLENO 3315/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de febreiro de 2022, número 3315/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Losada Alvarez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Temos que defender a cultura como patrimonio de toda a cidadanía, base do coñecemento, da formación e do espírito crítico e, como tal, indispensable para a creación e a consolidación dunha sociedade libre e igualitaria. Nun momento no que todos os parámetros imperantes parecen vinculados ás capacidades competitivas, é sumamente importante lembrar o papel da cultura no noso desenvolvemento como individuos, como sociedade e como fundamento da igualdade.

A política cultural da Xunta de Galicia ten dúas características moi negativas para o país na nosa opinión. A primeira, o reforzamento de redes clientelares vinculadas directamente aos intereses de Partido Popular, e a adopción dunha estratexia única, a promoción do Xacobeo, que esquece a diversidade do país e a súas importantes diferenzas entre os territorios. Esta situación conduce a evidentes discriminación entre cidades, pero sobre todo, entre cidadáns.

Os exemplos son de todo tipo, dende as achegas as redes museísticas, o apoio tanto a música clásica, como a música popular. Os casos do Museo MARCO, a Rede de Museos Municipais de Vigo e do apoio as orquestras de música clásica da cidade de Vigo é paradigmático, e vemos ano tras ano que as diferenzas raian o insultante, e mesmo tenden a incrementarse.

Estás diferenzas non teñan que ver coa contía do orzamentos da Consellería de Educación e Cultura e a Secretaría Xeral de Turismo, senón coa clara vontade de discriminación e castigo por non someterse a decisións políticas da Xunta de Galicia sobre o que ten que ser o cerne da nosa cultura, nun novo centralismo absolutamente intolerable.

Mesmo a chegada de novos fondos procedentes do goberno de España tense convertido, cunha enorme campaña de publicidade encuberta, nunha nova liña de apoio a certas manifestacións turísticas e culturais, e o esquecemento de outras.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 58 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A imposición do Xacobeo como elemento cerne da programación cultural de toda Galicia non deixa de ser unha decisión claramente discriminatoria e que esquece e condena ao ostracismo unha boa parte da cultura galega.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a incrementar os orzamentos autonómicos para as infraestruturas e os axentes culturais da cidade de Vigo, tendo en conta as seguintes variables:
 - Acadar un nivel similar ao do resto das cidades de Galicia.
 - Reflectir o peso demográfico e socio-económico da cidade e da súa área urbana no reparto dos fondos en tódolos ámbitos da creación e a promoción cultural.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con vinteun votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal Mixto señor e señora Pérez Correa e Méndez Fuentes e mais do membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas , e tres votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Egerique Mosquera, López Román e Marnotes González, adoptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada, en data 18.02.22 (Rex. Nº 3315/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Losada Alvarez, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

8.(30). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A RETIRAR A PROPOSTA DE CONVENIO CO IFEVI, PARA DESTINAR DOUS PAVILLÓNS AO USO DE PRÁCTICA DEPORTIVA, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. PLENO 3316/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de febreiro de 2022, número 3316/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 59 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“O Instituto Feiral de Vigo (IFEVI) é un elemento fundamental na dinamización da economía da nosa cidade e de toda Galicia.

Ao longo dos anos foi punto de encontro e colaboración institucional entre Administracións e o seu funcionamento levouse desde o consenso. Ampliacións de pavillóns, feiras existosas, resultado económico da xestión autosuficiente e maior implantación en todos os sectores feirais debe atribuírse a esa colaboración leal entre Institucións.

No último período, todo cambiou. A representación da Xunta de Galicia no Padroado optou por unha postura de confrontación co Concello de Vigo.

Primeiro impediu a entrada da Zona Franca de Vigo no Padroado. Aínda hoxe preguntámonos como é posible esta cegueira da Xunta de negar a participación no IFEVI do maior axente económico da cidade.

Seguidamente, desde o goberno da Xunta, forzouse unha modificación dos Estatutos absolutamente inxustificable que rompía a representación como iguais das Administracións representadas no Padroado. Desde o Concello de Vigo denunciámolo e dixemos que, detrás desa manobra, estaba a intención de dirixir o IFEVI desde San Caetano, sede do goberno da Xunta de Galicia.

Os nosos presaxios confirmáronse. Non se avanzou nada na incorporación da Zona Franca de Vigo, a pesar da insistencia dos representantes do Concello de Vigo, e o Presidente da Xunta de Galicia saíu en xaneiro de 2021 coa ocorrencia de destinar dous pavillóns do IFEVI á práctica deportiva (entre eles o pavillón nº5, obxecto de ampliación do IFEVI a pedimento de CONXEMAR)

Así non nos estrañou que na última reunión do Padroado trasladárasenos un borrador de convenio para destinar dous pavillóns á práctica deportiva. Consideramos que é incompatible a actividade feiral cunha actividade regular deportiva que necesitan os clubs que puidesen utilizar estas instalacións.

A posición dos representantes do Concello no Padroado foi moi clara. Calquera actuación diferente á feiral levaría a unha deterioración da mesma. Cremos firmemente que a Xunta pretende ir deixando morrer a actividade propia do IFEVI

A maiores, trasladamos ao Secretario Xeral para o Deporte da Xunta que se o goberno galego quere investir en instalacións deportivas na nosa cidade benvido sexa, e todo o noso ofrecemento para acordar esas investimentos, pero nunca utilizar uns pavillóns feirais para práctica deportiva.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 60 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Instar á Xunta de Galicia a retirar a proposta de convenio co IFEVI de destinar dous pavillóns do IFEVI ao uso da práctica deportiva, ao que produciría un gravísimo dano a economía da cidade.
- Instar á Xunta de Galicia á construción dunha instalación na cidade de Vigo destinada expresamente á práctica deportiva, que contará coa colaboración do Concello de Vigo nos aspectos que sexan necesarios.
- Instar á Xunta de Galicia a cumprir os seus compromisos de investimentos en instalacións deportivas transferindo ao Concello de Vigo os 5 millóns comprometidos polo goberno de Feijoo.
- Instar á representación da Xunta de Galicia no Padroado do IFEVI a centrar as súas propostas e achegas á xestión do recinto feiral no estrito ámbito que lle corresponde, que non é outro que a xestión de eventos.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Incidencia. O Sr. Losada Álvarez conéctase telemáticamente e no momento da votación atópanse ausentes a Sra. Silva Rego, a Sra. Egerique Mosquera e o Sr. Alcalde.

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, tres votos en contra, dous do grupo municipal do Partido Popular señor e señora, Marnotes González e López Román, e un do membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas e dous abstencións dos membros do grupo municipal mixto (Marea de Vigo) señor e señora Pérez Correa e Méndez Fuentes, adoptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada, en data 18.02.22 (Rex. Nº 3316/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

9.(31). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A IMPLANTAR DE FORMA INMEDIATA NOS XULGADOS DE INSTRUCCIÓN DE VIGO AS GARDAS DE 24 HORAS. EXPTE. PLENO 3317/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de febreiro de 2022, número 3317/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro Font, formula a seguinte,

MOCIÓN



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 61 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“O Regulamento 1/2005, dos aspectos accesorios das actuacións xudiciais, regula expresamente no seu artigo 59.5 que o Consello Xeral do Poder Xudicial poderá acordar, en atención ao volume de asuntos penais tramitados, à poboación correspondente ao territorio do partido xudicial e ás características da súa organización xudicial, a proposta da Xunta de Xuíces e da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza correspondentes, previo informe do Ministerio de Xustiza e, no seu caso, da Comunidade Autónoma con competencia na materia, a *extensión do réxime de gardas de 24 horas a un ou varios partidos xudiciais con 8 ou máis xulgados de instrución.*

A implantación das gardas de 24 horas é unha reivindicación histórica e unánime da cidade de Vigo, compartida por todos os operadores xurídicos e acordada polas Xuntas de Xuíces e Xuízas de Instrución de Vigo dende hai máis de 10 anos.

O propio TSXG, a Fiscalía, os Letrados da Administración de Xustiza, as asociacións de xuíces, de avogados, de procuradores, e organizacións sindicais téñense pronunciado de forma reiterada a favor da medida en reiteradas ocasións.

Concretamente, o 1 de outubro de 2021 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia volveu a pronunciarse unha vez máis a favor da implantación deste tipo de gardas, xa que o Partido Xudicial de Vigo cumpre, con creces, os requisitos para a instauración deste tipo de gardas e supón, ademais, unha anomalía neste intre con respecto a cidades de tamaño semellante e con características de planta xudicial moi similares.

As Xuntas sectoriais de instrución do Partido Xudicial de Vigo e máis de A Coruña veñen de aprobar por unanimidade, unha vez máis, reclamar ao goberno autonómico a dotación deste servizo rotatorio de quendas que, como dicimos, conta co apoio unánime de todos os colectivos implicados na Administración de Xustiza.

Tamén, o 28 de abril de 2021 o Pleno da Corporación Municipal de Vigo, aprobaba por maioría, non por unanimidade, lamentablemente, pola abstención do Partido Popular, unha moción presentada polo Grupo Municipal Socialista instando a implementación deste tipo de gardas. Moción na que se reiteraba o compromiso inquebrantable do Goberno de España para adoptar esta medida e de dotala nos Presupostos Xerais do Estado.

O propio Alcalde de Vigo ten solicitado en reiteradas ocasións a implantación deste sistema de gardas, que contribuiría a mellorar a calidade da administración de xustiza, crear un servizo diario continuado para acudir aos xulgados en calquera momento a interpor unha denuncia, un sistema moito máis garantista para as persoas detidas e unha resposta inmediata nos casos de violencia de xénero.

Con esta medida, preténdese rematar cunha discriminación histórica e que se equipare a Vigo co resto das cidades do Estado, xa que o partido xudicial de Vigo (xunto co de A Coruña) son os únicos de toda España con 8 xulgados de instrución que carecen deste sistema de gardas de 24 horas.

Este sistema permitiría facer fronte ao traballo cunha maior axilidade ao estar abertos os xulgados de garda as 24 horas, o que redundaría na mellora do servizo público de Xustiza en favor dos cidadáns e facilitaría a conciliación laboral e familiar



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 62 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

dos traballadores e, ademais, un sistema moitísimo máis garantista coas persoas detidas.

Agora, o Tribunal Superior de Xustiza ven de demandar nun demoledor informe á Xunta de Galicia que instaure este sistema de rotacións nas gardas dos xulgados de instrución, lembrándolle á Xunta de Galicia que xa no ano 2019 solicitou diante do Consello Xeral do Poder Xudicial a necesidade perentoria de modificar os sistema de gardas.

O Goberno de España, cumprindo cos seus compromisos, ven de dotar nos Orzamentos Xerais do Estado, unha partida específica para afrontar a instauración das gardas de 24 horas, en tanto que a Xunta de Galicia segue a dar largas, despois de 10 anos de reivindicación.

Por todo o antedito, o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno da Excma. Corporación municipal que adopte o seguinte :

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a implantar de forma inmediata nos xulgados de instrución de Vigo as gardas de 24 horas, dotando aos ditos xulgados dos medios persoais e materiais axeitados e necesarios, rematando con esta discriminación histórica con respecto ao resto de partidos xudiciais de similares características do Estado, que xa teñen implantado este sistema.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Incidencia. No momento da votación atópase ausente a Sra. Egerique Mosquera.

VOTACIÓN: Con vinteun votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal Mixto señor e señora Pérez Correa e Méndez Fuentes e mais do membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas , e dous votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señora e señor, López Román e Marnotes González, adoptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada, en data 18.02.22 (Rex. Nº 3317/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

10.(32). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A SITUAR UNHA RESIDENCIA DE MAIORES NA ZONA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 63 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DE TEIS QUE SINALE O CONCELLO, QUE OFRECE O CHAN, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 3318/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de febreiro de 2022, número 3318/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A Organización Mundial da Saúde (OMS) recomenda cinco prazas residenciais por cada cen maiores de 65 anos. A ratio de prazas en Galicia está moi por debaixo desta recomendación e tamén por debaixo da media nacional, xa que se sitúa na contorna do 2,8%, entre públicas e concertadas.

Vigo é a cidade de Galicia -e unha das de España- coa peor ratio de prazas residenciais para persoas maiores por habitante, xa que non se achega ao 2,6%

Na cidade de Vigo, case 70.000 persoas teñen máis de 65 anos, das que 15.600 viven soas. O 73,9% son mulleres, polo que existe unha clara feminización da soidade.

Na nosa cidade, máis de 19.700 persoas teñen máis de 80 anos. Nesta franxa de idade, increméntase a porcentaxe de mulleres ata un 80,7%

Segundo estas cifras, a cidade de Vigo necesitaría 3.500 prazas residenciais para achegarse a estas ratios, pero a realidade é dramaticamente diferente. A Xunta de Galicia soamente oferta na área de Vigo 604 prazas, das máis de 3.500 que tería que ofertar.

En Vigo, non se constrúe unha residencia pública de maiores dende 2009, dende que o Señor Feijoo chegou ao goberno.

Xa o Consello de Contas no seu informe de fiscalización advertiu hai anos á Xunta de Galicia da súa política errática en materia de protección dos dereitos dos maiores. O informe do órgano consultivo da Comunidade Autónoma non deixa lugar a dúbidas: privatización do modelo residencial para maiores (o 87% das prazas residencias están xestionadas por empresas privadas), escaseza de prazas con ratios que sitúan a Galicia á cola de España e da meirande parte dos países europeos, longas listas de agarda para o recoñecemento do grao de dependencia, graves deficiencias na xestión privada das residencias, precariedade laboral, deficiencias nos protocolos de funcionamento, graves irregularidades no cumprimento das ratios de persoal, etc.

No que atinxe á cidade de Vigo, o goberno de Feijoo non construíu nin unha soa praza pública residencial en máis de 12 anos. O Señor Feijoo leva anos falando en cada campaña electoral da residencia que lle vai a financiar a Fundación Amancio Ortega en Teis, desouvindo a oferta realizada polo goberno de Vigo de ceder gratuitamente terreos no centro de Teis para a construción inmediata dunha residencia pública.

Agora, diante da oportunidade que supoñen os Fondos Next Generation para a formulación dun novo modelo residencial para as persoas maiores, que aposte pola desinstitucionalización, polos coidados intensivos no fogar e por residencias que sexan verdadeiros fogares que primen a autonomía e a dignidade dos nosos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 64 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

maiores, a Xunta de Galicia volve a actuar con escurantismo, con falla de transparencia e sen contar coas representacións dos usuarios e as súas familias.

Diante desta exposición de motivos, o Grupo Municipal Socialista, propón ao Pleno da Excm. Corporación Municipal que adopte o seguinte:

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a situar unha residencia de maiores na zona de Teis que sinale o Concello, que ofrece o chan, para que os usuarios estean nunha zona máis conveniente para eles.
- Instar á Xunta de Galicia a apostar por un modelo residencial para persoas maiores que respecte a súa dignidade, a súa independencia, a súa autonomía, a súa liberdade, que aposte pola vida en comunidade dos nosos maiores. Un modelo de proximidade que non desarraigue aos maiores da súa contorna e das súas familias.
- Instar á Xunta de Galicia a integrar en todos os comités de decisión e mesas de diálogo aos representantes de usuarios e familiares.
- Instar á Xunta de Galicia a desenvolver un plan de inspección rigoroso, que vele polo cumprimento das obrigas das empresas concesionarias, nomeadamente, das ratios de persoal adscrito ás residencias e polo seu cumprimento as 24 horas do día."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Incidencia. No momento da votación atópase ausente a Sra. Rodriguez Calviño

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal Mixto señor e señora Pérez Correa e Méndez Fuentes e mais do membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas , e tres votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Egerique Mosquera, López Román e Marnotes González, adoptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada, en data 18.02.22 (Rex. Nº 3318/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 65 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

11.(33). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A PROMOVER NOVOS ÁMBITOS DE VIVENDA EN VIGO, PARA DAR RESPOTA A DEMANDA DE VIVENDA PROTEXIDA NA CIDADE. EXPTE. PLENO 3319/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de febreiro de 2022, número 3319/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O DOG ven de publicar os datos sobre demanda de vivenda protexida en Galicia. Como ven sendo habitual Vigo sitúase, con 5.830 inscritos no rexistro de demandantes deste tipo de vivenda como a cidade galega con maior necesidade de vivenda protexida. Os datos amosan que na cidade de Vigo existe un volume de demanda superior a demanda agregada do resto de cidades de Galicia (agregado de A Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra=5.793 demandantes)

A Xunta de Galicia ven de reivindicar ante o goberno de España, tanto con motivo da distribución de Fondos Next Generation para políticas de vivenda, como no contexto do proxecto de Lei de Vivenda do Estado, as competencias exclusivas das comunidades autónomas, e polo tanto da Xunta de Galicia, en materia de vivenda.

En recentes declaracións o Sr. Feijoo puxo de manifesto o traballo da Xunta para facilitar que os galegos accedan a unha vivenda, especialmente os colectivos máis vulnerables. Afirmando “Vigo es la ciudad gallega donde más estamos invirtiendo en vivienda, porque es la ciudad donde más necesidades de vivienda protegida y de vivienda pública tenemos detectadas”

A Xunta de Galicia comprometeu a construción de 1.600 vivendas en Navia en 2008, compromiso que aínda non iniciou ningunha construción, pero que serve para ilustrar por un lado a nula implicación da Xunta de Galicia na provisión de vivenda digna e o elevado período de maduración destas actuacións.

Neste senso e dentro da planificación da revisión do PXOM, o Concello de Vigo contactou co IGVS para coñecer as actuacións en materia de promoción de vivenda protexida previstas polo goberno galego dentro do prazo de vixencia do novo PXOM. O obxectivo municipal era atender e prever os plans autonómicos co fin de incorporalos a planificación da cidade ata o ano 2050. Desafortunadamente a Xunta de Galicia respondeu afirmando que a única actuación prevista é a ampliación de Navia.

O PXOM prevé actuación de choque para paliar a demanda de vivenda protexida existente na actualidade o que a Xunta non da resposta. Dito Plan de Choque será executado polo Concello de Vigo ante o abandono da Xunta. En todo caso cremos imprescindible o cumprimento da Xunta das súas obrigas estatutarias en materia de vivenda implicándose coas necesidades da cidade de Vigo.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 66 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Instar a Xunta de Galicia a promover novos ámbitos de vivenda protexida en Vigo, para dar resposta a demanda de vivenda protexida na cidade.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Incidencia. No momento da votación atópase ausente o Sr. Losada Alvarez.

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodriguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal Mixto señor e señora Pérez Correa e Méndez Fuentes, unha abstención do membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas , e tres votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Egerique Mosquera, López Román e Marnotes González, adoptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada, en data 18.02.22 (Rex. Nº 3319/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estevez, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

PARTE DE CONTROL

12.(34). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DENDE O 20.01 AO 14.02.2022. EXPTE. 1155/1102 (EXPTE. PLENO 3305/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía (do 20.01.22 ao 14.02.22) incluídas no expediente 1155/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

13.(35). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS, DENDE O 20.01 AO 14.02.2022. EXPTE. 1156/1102 (EXPTE. PLENO 3306/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados (do 20.01.21 ao 14.02.22) incluídas no expediente 1156/1102.

ACORDO.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 67 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

MOCIÓNS.

14.(36). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL AO DESENVOLVEMENTO DUN PLAN MUNICIPAL DE SAÚDE MENTAL E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. PLENO 3308/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de febreiro de 2022, número 3308/1101, os concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. e Sr. Méndez Fuentes e Pérez Correa, formula a seguinte,

MOCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PLAN MUNICIPAL DE SAÚDE MENTAL E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS

O illamento, o dó, a perda de ingresos e, en definitiva, o aumento do medo e da incerteza, están xerando un agravamento dos trastornos de saúde mental nas nosas sociedades. Trastornos de depresión e ansiedade, aumento do estrés, traumas cronicados, insomnio, soidade non desexada, patoloxías psicolóxicas agravadas e mesmo condutas disruptivas contra a saúde propia, coma o abandono do autocoidado e mesmo as tentativas autolíticos son algunhas das consecuencias que a pandemia sacou á luz e que todos xa coñecíamos mais non mirábamos de fronte como sociedade.

O impacto vital, en todas as súas dimensións, que supuxo a COVID-19 foi de tal dimensión que provocou que a saúde mental entrase, por fin, no debate público. A reconsideración de prioridades, así como a posta en valor dos coidados e das relacións persoais, fixo que pasase a ser un tema de actualidade.

Segundo recolle o censo da Consellería de Política social da Xunta de Galicia (2020), en Galicia hai máis de 80.000 persoas con discapacidade recoñecida por enfermidade mental. Non obstante, os datos 2020 poderían ser sensiblemente maiores no momento actual. En todo caso, constatamos que se trata dun problema cunha amplísima repercusión para as persoas afectadas e para as súas familias. A situación global non é máis alentadora e as cifras alertan dunha situación grave sobre a que cómpre actuar por parte das Administracións Públicas. Segundo un recente estudo da revista médica The Lancet, a pandemia impacto, moi especialmente, sobre a saúde mental das mulleres e da mocidade. Segundo o mesmo estudo, España é un dos países europeos no que a pandemia tivo máis consecuencias: aumentaron nun 30% os casos de depresión e de ansiedade. É necesario, xa que logo, visibilizar os condicionantes sociais que causan sufrimento psíquico. Os recursos económicos están detrás, moitas veces, destas doenzas porque, cando as enormes listas de agarda no sistema público empurran ás doentes cara ao sistema privado, o que obtemos é un obstáculo no acceso ao tratamento, é dicir, un afondamento na doenza.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 68 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A consecuencia máis extrema dese sufrimento, o suicidio, segue a ser un tabú social, mais comeza a abrirse paso, nos medios de comunicación e no debate político, o debate sobre as circunstancias que o poden provocar. A cuestión de xénero, unha vez máis, inflúe. Como recolle o Informe sobre o estado dos Dereitos Humanos das persoas con trastorno mental no estado español, realizado pola Confederación Saúde mental España (2018): “a relación existente entre suicidio e violencia de xénero é unha realidade enormemente ignorada nos medios de comunicación e nos estudos estadísticos”.

Porén, malia tratarse dunha problemática que afecta tantísimas veciñas e veciños, os recursos públicos na atención á saúde mental son insuficientes. Así o veñen denunciando entidades como a Asociación de Psicología Clínica do SERGAS (ACPS) ou o Movemento Galego de Saúde Mental.

As principais carencias denunciadas son: ratios deficitarias de profesionais, longas listas de agarda (de até 6 meses), unidades de saúde mental con gran sobrecarga e falta de programas específicos de prevención ou promoción da saúde.

O Dr. Tedros Adhanom Ghebreyesus, Director Xeral da Organización Mundial da Saúde, afirmou: “a COVID-19 veu interromper a atención prestada polos servizos de saúde mental, xa precarios e esenciais en todo o mundo, xusto cando máis os precisabamos. Os dirixentes mundiais deben actuar con rapidez e determinación para investir máis en programas de saúde mental que salven vidas, mentres dure a pandemia e con posterioridade a ela”.

Por outra banda, a Resolución do Consello de Dereitos Humanos Informe do Alto Comisionado sobre Saúde Mental e Dereitos Humanos, de 31 de xaneiro de 2017, establece que “o dereito ao goce do máis alto nivel posible de saúde física e mental é un dereito humano fundamental, imprescindible para o exercicio dos demais dereitos humanos. Definimos a saúde mental como un estado de benestar no que a persoa realiza as súas capacidades e é capaz de facer fronte ao estrés normal da vida, de traballar de forma produtiva e de contribuír á súa comunidade”.

Así tamén, cómpre termos presentes que os compromisos político formulados na Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible recollen, expresamente, a necesidade de reducir a mortalidade prematura por doenzas non transmisibles e promover a saúde mental e o benestar. É urxente, pois, dispor recursos públicos para que a falta de medios económicos non se traduza nunha condena a padecer trastornos psicolóxicos sen tratar.

Polo exposto, o Grupo municipal mixto (Marea de Vigo) presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede os seguintes:

ACORDOS:

1. Instar ao Goberno municipal a:

1.1 Crear un Consello municipal de Saúde que permita a organizacións representativas de usuarias e de traballadores sanitarios participar e implicarse nas políticas e decisións municipais relacionadas coa saúde pública.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 69 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1.2 Desenvolver un plan municipal de Saúde Mental, en colaboración coas entidades do terceiro sector.

2. Instar ao Goberno autonómico a:

2.2 Reforzar a atención á saúde mental na Sanidade Pública galega, aumentando o número de especialistas en Psicoloxía Clínica, tanto nas unidades hospitalarias coma na Atención Primaria, co obxectivo de reducir as listas de agarda.

2.3 Reforzar os servizo de saúde mental infanto-xuvenil na Área Sanitaria de Vigo.

2.4 Crear unha unidade hospitalaria de rehabilitación psicosocial na Área Sanitaria de Vigo.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN PUNTO Nº 1: Con seis votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto señor e señora Pérez Correa e Méndez Fuentes, mais do membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Egerique Mosquera, López Román e Marnotes González, e dezoito votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, queda rexeitado o punto nº 1.

VOTACIÓN PUNTO Nº 2: Con vinteun votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto señor e señora Pérez Correa e Méndez Fuentes, mais do membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas, e mais dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e tres abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Egerique Mosquera, López Román e Marnotes González, adoptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar o segundo punto da moción presentada, en data 18.02.22 (Rex. Nº 3308/1101), polos concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. e Sr. Méndez Fuentes e Pérez Correa, quedando do seguinte xeito.

2. Instar ao Goberno autonómico a:

2.2 Reforzar a atención á saúde mental na Sanidade Pública galega, aumentando o número de especialistas en Psicoloxía Clínica, tanto nas unidades hospitalarias coma na Atención Primaria, co obxectivo de reducir as listas de agarda.

2.3 Reforzar os servizo de saúde mental infanto-xuvenil na Área Sanitaria de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 70 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2.4 Crear unha unidade hospitalaria de rehabilitación psicosocial na Área Sanitaria de Vigo.”

15.(37). MOCIÓN DO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO SOBRE O DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO. EXPTE. PLENO 3313/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de febreiro de 2022, número 3313/1101, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Rosalía de Castro é a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas. A publicación do seu libro *Cantares Gallegos*, o primeiro escrito integramente no noso idioma, desde a vontade firme e inequívoca do seu significado, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento.

A súa obra é un retrato do pobo galego e goza dunha total actualidade. Desde o século XIX Rosalía de Castro foi homenaxeada polas galegas e os galegos como poeta nacional, pois reclamou a redención da patria galega e asumiu a voz do seu pobo; voz que guiou permanentemente a súa obra e o seu pensamento. Esta galegitude intrínseca dos seus textos, esta comunicación e entendemento permanente co seu pobo, ao se dirixir a el no seu idioma propio, foi o que a fixo tamén poeta de todos os pobos, chegando a formar parte da nómina de escritoras máis destacadas da literatura universal de todos os tempos.

Por todos estes motivos, a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas que colectivamente contribuímos a coeducar, sendo a súa palabra feita poesía ou prosa reflexiva un dos procedementos máis eficaces para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural.

Polo que, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- 1 Declarar formalmente o 23 de febreiro como Día de Rosalía de Castro no Concello de Vigo.
- 2 Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto da veciñanza da nosa cidade o 23 de febreiro.
- 3 Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado da cidade na que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.
- 4 Agasallar libros de autoras e autores en lingua galega, comprados en librarías da cidade, ao alumnado daqueles centros de ensino que fagan actividades de celebración deste Día.”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 71 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes (presencial e telematicamente) dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adoptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada, en data 18.02.22 (Rex. Nº 3319/1101), polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

16.(38). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR EN RELACIÓNS COA SENTENZA DO TRIBUNAL SUPREMO Nº 98/2021. EXPTE. 3314/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de febreiro de 2022, número 3314/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Tribunal Supremo, a máxima instancia xudicial do Estado, dita sentenza firme e ratifica a pena de cinco anos e tres meses de prisión e 9 meses de inhabilitación dun alto funcionario do Concello de Vigo e a penas tamén de prisión e inhabilitación do responsable dunha contrata municipal por participar nunha trama para contratar ilegalmente a unha cuñada da señora Silva Rego, tenente de alcalde do concello de Vigo e presidente da deputación.

É a condena máis grave por corrupción nunha administración pública da historia democrática de Galicia. Prevaricación, malversación e falsificación para beneficiar ilegalmente á cuñada da tenente de alcalde e presidenta da deputación señora Silva

A sentenza di que a contratación da cuñada foi unha mera simulación ou ficción, organizada polo funcionario, e coa participación dun responsable dunha contrata municipal, facilitando a cobertura da súa empresa, e a emisión de facturas falsas, para garantir unha indemnización indebida á cuñada de Carmela SILVA durante máis de cinco anos. Entre o 23 de xuño de 2008 e o 1 de xullo de 2013. A sentenza recoñece que a persoa contratada non tiña cualificación para o posto e que non fixo traballo ningún, indica que os condenados manifestaron non coñecer á persoa e non se aclarou quen lles indicou o suxeriu esa contratación.

Coñecemos agora o funcionario municipal condenado a cinco anos de prisión por participar na contratación e na malversación, solicita o indulto ao goberno central alegando 40 anos de militancia no PSOE de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 72 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A mera posibilidade de que ese indulto se produza xa é escandalosa. Porque se trataría dun goberno socialista indultando a un militante socialista que enchufa a unha familiar dun cargo socialista. Porque son delitos moi graves de corrupción, porque se malversou diñeiro dos vigueses e porque se cometeu fraude para contratar a unha familiar da señora Silva. E porque non se pode difundir esta mensaxe: que neste Concello pódense cometer delitos beneficiando a familiares do goberno porque quedarán impunes.

Finalmente, o agraviado polo delito é o propio Concello, vítima de falsedade, malversación e prevaricación, se ben o goberno nin perseguíu o delito nin se personou na causa coma prexudicado. Nesa condición o Concello debe manifestarse sobre o indulto.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Vigo presenta a seguinte PROPOSTA DE ACORDOS::

- 1.- Expresar o rotundo rexeitamento cara as prácticas corruptas de enchufismo que motivaron a condena, ratificada polo Tribunal Supremo, a penas de prisión e inhabilitación a un alto funcionario municipal e a un responsábel dunha empresa contratista do Concello pola contratación irregular dunha familiar directa da Primeira Tenente de Alcalde, señora Carmela Silva Rego, de forma oculta e á marxe dos sistemas legais de oferta pública de emprego.
- 2.- Rexeitar medidas de gracia, indulto da pena das persoas condenadas por eses feitos.
- 3.- Esixir a dimisión de Carmela Silva Rego do seu cargo de concelleira.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Incidencia. No momento da votación atópase ausente o Sr. Losada Alvarez.

VOTACIÓN PUNTO Nº 1: Con seis votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Egerique Mosquera, López Román e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto señor e señora Pérez Correa e Méndez Fuentes, e mais do membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas e dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, queda rexeitado o punto nº 1.

VOTACIÓN PUNTO Nº 2: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Egerique Mosquera, López Román e Marnotes González, tres abstencións dos membros do grupo municipal Mixto señor e señora Pérez Correa e Méndez Fuentes, e mais do membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas, e dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 73 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, queda rexeitado o punto nº 2.

VOTACIÓN PUNTO Nº 3: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Egerique Mosquera, López Román e Marnotes González, dúas abstencións dos membros do grupo municipal Mixto señor e señora Pérez Correa e Méndez Fuentes, e dezaioito votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais do membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas, queda rexeitado o punto nº 3.

ACORDO:

Rexeitar a moción presentada, en data 18.02.22 (Rex. Nº 3314/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

FORMULACIÓN DE ROGOS.

17.(39). Rogo formulado polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas. Que se promova por parte do Goberno municipal a elaboración dunha nova Ordenanza Municipal de protección do arboredo que garanta o dereito da cidadanía ás árbores na cidade, poña fin ás tallas inxustificadas que se veñen producindo e aposte por un modelo urbano ecoloxicamente sustentábel.

18.(40). Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa. Rogamos que estuden a colocación dos adoquines dourados chamados “Stolpersteine” onde se ubiquen as casas dos vigueses e viguesas que estiveron en campos de concentración nazis, tal e como teñen feito moitos concellos no conxunto do estado.

FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

19.(41). Pregunta formulada polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas. Cando vai o Goberno municipal dar explicacións e aportar a documentación solicitada en relación ao tratamento dos xacementos arqueolóxicos en Elduayen e na Porta do Sol e, singularmente, aclarar se as obras do túnel contan ou non con todos informes e autorizacións preceptivos tendo en conta que atravesa un ámbito declarado BIC e sometido ao PEPRI do Casco Vello?

20.(42). Pregunta formulada pola concelleira do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes. ¿Cales son os informes de Patrimonio que sosteñen a cobertura con formigón de gran parte do trazado que transcorre pola rúa Elduayen, especialmente na zona contigua aos xacementos arqueolóxicos atopados?



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 74 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

21.(43). Pregunta formulada polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González. ¿Ten coñecemento o goberno municipal de que se están recollendo sinaturas a favor do indulto do funcionario sentenciado á pena de prisión polo enchufe da cuñada da Sra. Carmela Silva?

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario Febreiro
Legislatura: Mandato 2019-2023
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Miércoles, 23 de Febrero de 2022 09:10:06
Fecha Fin : Miércoles, 23 de Febrero de 2022 13:27:53
Duración : 04:17:47

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3169

- Media (MASTER)

SHA512 -

6c11a5341fa9d4f1eac34f2ecf4354c02fc8e9adbd073d2a5acd5e5499b385be8210c6f
60d4fc30c33adf75c64a2b4e05d22e5d4dd54deed666df43dcbdbcef44

- Minutaje

- 00:00:01 - Asistentes : Rodríguez Díaz, Santos Héctor; Mejías Sacaluga, Ana María; Silva Rego, Carmela; Caballero Álvarez, Abel; Escariz, Alberto; Riesgo, José; Espinosa Mangana, Elena; Lopéz Font, Carlos; Losada Álvarez, Abel; Aneiros Pereira, Jaime; Aguiar Castro, Yolanda; Gómez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Blanco Iglesias, María Eugenia; Lago Barreiro, María del Carmen; Estévez Rodríguez, Pablo Luis; Pardo Espiñeira, Javier; Caride Estévez, María José; Fernández Pérez, José Manuel; Rodríguez Calviño, Patricia; Rivas González, Ángel; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Marnotes González, José Alfonso; Egerique Mosquera, Teresa; González Castillo, Jesús Marco; López Román, Patricia; Pérez Correa, Rubén; Méndez Fuentes, Oriana; Pérez Igrexas, Xabier.
- 00:02:34 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:03:26 - Minuto de silencio victimas Vila de Pitaxo
- 00:04:25 : Actas anteriores: Ordinaria do 26.01, extraordinaria do 1.02 e extraordinaria do 8.02.2022.
- 00:04:40 : 2. Toma de razón do escrito do concelleiro, D. Jesus González Castillo, adscrito ao grupo político municipal do Partido Popular, comunicando renuncia a súa acta de concelleiro. Expte Pleno 3295/1101.
- 00:04:53 - Gonzalez Castillo, Jesús Marco
- 00:05:51 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:06:19 : 3. Declaración Institucional presentada pola Federación Galega



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 18/05/2022 13:59

Páxina 75 de 80

Expediente/Documento 3359-1101

CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- de enfermidades raras e crónicas (FEGEREC) polo Día Mundial das enfermidades raras 2022. Expte. Pleno 3304/1101.
- 00:06:46 - Orador invitado
 00:12:05 - Caballero Álvarez, Abel
 00:12:10 - Orador invitado
 00:12:19 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:13:13 : 4. Aprobación inicial da Modificación Orzamentaria nº 12/2022, de Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito con remanente líquido de Tesourería. Expte. 74/142 (Expte. Pleno 3303/1101).
- 00:13:28 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:18:23 - Caballero Álvarez, Abel
 00:18:28 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:20:33 - Caballero Álvarez, Abel
 00:20:38 - Pérez Correa, Rubén
 00:25:56 - Caballero Álvarez, Abel
 00:25:59 - Marnotes González, Jose Alfonso
 00:31:07 - Caballero Álvarez, Abel
 00:31:11 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:34:20 - Caballero Álvarez, Abel
 00:34:28 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:34:37 - Caballero Álvarez, Abel
 00:40:01 - Votación [9:49:53]
 00:40:45 - Presentes : 31 | No Afiliados : 31
 00:41:07 - Presentes : 31 | No Afiliados : 31
 00:41:25 - Presentes : 31 | No Afiliados : 31
 00:41:47 - Presentes : 31 | No Afiliados : 31
- 00:42:07 : 5. Dar conta da Resolución da Alcaldía polo que se aproba a Liquidación do Orzamento deste Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2021. Expte. 210/143 (Expte. Pleno 3287/1101).
- 00:42:17 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:47:28 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:47:31 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:47:35 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:49:42 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:49:48 - Pérez Correa, Rubén
 00:54:57 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:55:02 - Marnotes González, Jose Alfonso
 01:00:08 - Marnotes González, Jose Alfonso
 01:00:15 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:00:30 - Aneiros Pereira, Jaime
 01:03:42 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:03:51 - Votación [10:13:44]
- 01:04:06 : 6. Aprobación definitiva do Estudo de detalle da UA Hernan Cortes. Expte. 5264/401.(Expte. Pleno 3309/1101).
- 01:04:14 - Caride Estévez, María José
 01:09:03 - Espinosa Mangana, Elena
 01:09:08 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:11:25 - Espinosa Mangana, Elena
 01:11:27 - Pérez Correa, Rubén
 01:16:41 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:16:52 - Marnotes González, Jose Alfonso
 01:20:06 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:20:09 - Caride Estévez, María José
 01:23:17 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:23:24 - Votación [10:33:18]
 01:23:51 - Minuto de silencio contra a violencia de xenero
 01:25:00 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 18/05/2022 13:59

Páxina 76 de 80

Expediente/Documento 3359-1101

CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- 01:25:07 : 7. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a incrementar os orzamentos autonómicos para as infraestruturas e os axentes culturais da cidade de Vigo. Expte. Pleno 3315/1101.
- 01:25:22 - Losada Alvarez, Abel Fermín
 01:30:41 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:30:48 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:32:59 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:33:01 - Méndez Fuentes, Oriana
 01:37:12 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:37:24 - Egerique Mosquera, Teresa
 01:42:34 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:42:46 - Losada Alvarez, Abel Fermín
 01:45:56 - Losada Alvarez, Abel Fermín
 01:46:04 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:46:09 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:46:18 - Votación [10:56:11]
- 01:46:49 : 8. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a retirar a proposta de convenio co IFEVI, para destinar dous pavillóns ao uso de práctica deportiva, e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 3316/1101.
- 01:47:02 - López Font, Carlos
 01:52:08 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:52:12 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:54:39 - Espinosa Mangana, Elena
 01:54:44 - Pérez Correa, Rubén
 01:59:56 - Espinosa Mangana, Elena
 01:59:59 - Marnotes González, Jose Alfonso
 02:00:09 - Marnotes González, Jose Alfonso
 02:00:21 - Marnotes González, Jose Alfonso
 02:05:05 - López Font, Carlos
 02:05:14 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:05:21 - López Font, Carlos
 02:08:25 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:08:28 - Votación [11:18:21]
- 02:09:06 : 9. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a implantar de forma inmediata nos xulgados de instrución de Vigo as gardas de 24 horas. Expte. Pleno 3317/1101.
- 02:09:20 - Aguiar Castro, Yolanda
 02:14:24 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:14:27 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:16:32 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:16:36 - Pérez Correa, Rubén
 02:20:30 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:20:33 - Marnotes González, Jose Alfonso
 02:24:09 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:24:12 - Aguiar Castro, Yolanda
 02:26:39 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:26:45 - Votación [11:36:38]
- 02:26:52 : 10. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a situar unha residencia de maiores na zona de Teis que sinale o Concello, que ofrece o chan, e outros acordos complementarios. Expte. 3318/1101.
- 02:27:23 - Aguiar Castro, Yolanda
 02:32:26 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:32:29 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:34:38 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:34:44 - Pérez Correa, Rubén



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 77 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 02:39:36 - Lopez Roman, Patricia
 02:44:26 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:44:28 - Aguiar Castro, Yolanda
 02:47:49 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:47:56 - Votación [11:57:48]
- 02:48:40 : 11. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a promover novos ámbitos de vivenda en Vigo, para dar resposta a demanda de vivenda protexida na cidade. Expte. Pleno 3319/1101
- 02:48:52 - Caride Estévez, María José
 02:54:02 - Caballero Álvarez, Abel
 02:54:04 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:54:15 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:56:36 - Espinosa Mangana, Elena
 02:56:39 - Pérez Correa, Rubén
 03:01:49 - Espinosa Mangana, Elena
 03:01:52 - Marnotes González, Jose Alfonso
 03:02:56 - Marnotes González, Jose Alfonso
 03:06:57 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:07:01 - Fernández Pérez, Jose Manuel
 03:10:11 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 03:10:20 : 12. Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 20.01 ao 14.02.2022.
 03:10:26 - Votación [12:20:18]
- 03:11:05 : 13. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, dende o 20.01 ao 14.02.2022. Expte. 1156/1102 (Expte. Pleno 3306/1101).
- 03:11:18 : 14. Moción do grupo municipal Mixto, instando ao goberno municipal ao desenvolvemento dun plan municipal de saúde mental e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 3308/1101.
- 03:11:29 - Méndez Fuentes, Oriana
 03:16:28 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:16:32 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:18:44 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:18:56 - Egerique Mosquera, Teresa
 03:23:13 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:23:18 - Aguiar Castro, Yolanda
 03:28:29 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:28:33 - Méndez Fuentes, Oriana
 03:31:30 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:31:36 - Votación [12:41:29]
 03:31:42 - Méndez Fuentes, Oriana
 03:31:59 - Votación [12:41:53]
 03:31:59 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:32:05 - Votación [12:41:58]
- 03:33:19 : 15. Moción do concelleiro membro non adscrito sobre o día de Rosalía de Castro. Expte. Pleno 3313/1101.
 03:33:28 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:35:36 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:35:44 - Méndez Fuentes, Oriana
 03:39:51 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:40:01 - Egerique Mosquera, Teresa
 03:43:21 - Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
 03:46:53 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:46:57 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:46:58 - Votación [12:56:50]



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 18/05/2022 13:59

Páxina 78 de 80

Expediente/Documento 3359-1101

CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- 03:48:22 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:48:28 - Votación [12:58:20]
- 03:48:45 : 16. Moción do grupo municipal do Partido Popular en relación coa Sentenza do Tribunal Supremo nº 98/2021. Expte. 3314/1101.
- 03:48:55 - Marnotes González, Jose Alfonso
 03:54:03 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:54:19 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:56:42 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:56:51 - Pérez Correa, Rubén
 04:01:15 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 04:01:23 - López Font, Carlos
 04:06:20 - Marnotes González, Jose Alfonso
 04:09:26 - Caballero Álvarez, Abel
 04:09:35 - Marnotes González, Jose Alfonso
 04:09:36 - Votación [13:19:28]
 04:09:59 - Votación [13:19:52]
 04:10:03 - Votación [13:19:56]
 04:10:07 - Votación [13:20:00]
 04:10:13 - Votación [13:20:05]
 04:10:19 - Votación [13:20:12]
 04:10:25 - Votación [13:20:18]
 04:11:12 - Votación [13:21:05]
 04:11:39 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 04:11:48 - Votación [13:21:41]
- 04:12:29 : 17. Formulación de rogos.
 04:12:34 - Pérez Iglesias, Xabier
 04:12:58 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 04:13:15 - Pérez Correa, Rubén
 04:13:36 - Marnotes González, Jose Alfonso
 04:13:57 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 04:14:01 : 18. Formulación de preguntas.
 04:14:07 - Pérez Iglesias, Xabier
 04:14:31 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 04:15:56 - Méndez Fuentes, Oriana
 04:16:18 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 04:17:11 - Marnotes González, Jose Alfonso
 04:17:21 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás trece horas e vinte e seis minutos, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 5/2022, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2022.
 am.

A PRESIDENCIA

O SECRETARIO XERAL DO PLENO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 79 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:59	Páxina 80 de 80
Expediente/Documento 3359-1101	CSV: A1AEA1-E8372A-DABC3D-L2S4KP-62RTE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		